

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN FERROL O 24 DE MARZO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Coruña para a posta á disposición dos terreos para a execución da mellora nas instalacións da Torre de Hércules no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de novecentos noventa e cinco mil euros (995.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e licitación electrónica, da prestación do servizo de limpeza dos edificios destinados a sedes de diversos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia (catro lotes), polo importe de licitación de sete millóns seiscientos vinte e dous mil novecentos noventa e un euros con noventa e cinco céntimos (7.622.991,95 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de quince millóns cento dezanove mil novecentos oitenta e catro euros con catro céntimos (15.119.984,04 €).
- Acordo polo que se toma razón das actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local nos concellos da área de Ferrol no ano 2024.
- Acordo polo que se toma razón da evolución das tarifas Xente Nova e +65 no ámbito do Concello de Ferrol (desde o inicio das tarifas ata finais de 2024).

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da construción dun parque canino en Ferrol.
- Acordo polo que se toma razón das xestións da Xunta ante a próxima exclusión do lobo ao norte do río Douro do Lesrpe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados ás recollidas na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025. Importe: seiscentos mil euros (600.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA

- Acordo polo que se aproba o Plan director do sector da construción naval.
- Acordo polo que se toma razón do inicio dos trámites para a creación do Polo de innovación de enerxías mariñas e almacenamento de enerxía.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura, a superación da porcentaxe e a exención de garantías no pagamento anticipado do convenio entre a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, o Concello de Ferrol e o Instituto Galego de Promoción Económica para o desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para o financiamento do proxecto de rexeneración urbana da cidade por un importe de doce millóns de euros (12.000.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do concurso público de adxudicación de parcelas de solo residencial propiedade da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal) no Plan parcial de O Bertón (Ferrol), con destino á construción de 48 vivendas protexidas.
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de cesión ao concello de Ferrol de tres parcelas de solo residencial.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de dragaxe no porto de Cariño. Fase 2. Peirao comercial norte, cun orzamento base de licitación de douscentos dezaioito mil quince euros con cincuenta e nove céntimos (218.015,59 €), IVE incluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a mellora da mobilidade sustentable dos peregrinos no Camiño Inglés.
- Informe sobre a implantación dunha sala amable externa ao edificio Xudicial de Ferrol.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións hidráulicas na comarca de Ferrol, A Coruña.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe relativo ao Edificio de investigación e innovación na industria (EI3).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- informe sobre a Estratexia de inclusión social da poboación xitana.
- Informe sobre as actuación de obra e equipamento nos centros da Consellería de Política Social e Igualdade en Ferrol e comarca.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre os apoios do Instituto Galego de Promoción Económica ao desenvolvemento e á competitividade industrial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra: Mellora da OU-212 (1ª fase). Rectificación de trazado (Beariz) e humanización da travesía de Liñares (Avión) cun custo estimado dun millón catrocentos sesenta e seis mil seiscientos corenta euros con corenta e nove céntimos (1.466.640,49 €).
- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Senda na AC-542 en Ordes, cun custo estimado dun millón cento sesenta e oito mil cento corenta e tres euros con trinta e dous céntimos (1.168.143,32 €).
- Informe sobre as actuacións en materia de vivenda no Concello de Ferrol.
- Informe sobre a próxima licitación do contrato de redacción de proxecto da Fase final da ampliación do Hospital Universitario de Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre un novo centro de saúde no barrio ferrolán de San Xoán.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as programacións expositivas de 2025 dos museos e arquivos xestionados pola Xunta de Galicia.
- Informe sobre os Premios da Cultura Galega 2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a licitación do proxecto de obra da nova oficina de emprego de Ferrol.
- Informe balance das actuacións levadas a cabo no Polo de emprendemento de Ferrol.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións de loita integrada contra as enfermidades fúnxicas na Serra da Capelada.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o proxecto de dragaxe nos portos de Maniños-Barallobre, Miño e Pontedeume.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ O CONTORNO NATURAL E A ACCESIBILIDADE DA TORRE DE HÉRCULES NA SÚA APOSTA POR UN TURISMO SUSTENTABLE

- Turismo de Galicia e o Concello de A Coruña asinarán un acordo polo que o goberno local cederá os terreos necesarios para a execución das obras que asumirá a Xunta
- As actuacións inclúen desde a reparación da área arqueolóxica, a restauración de varios espazos e a mellora dos sendeiros do contorno
- A actuación no BIC herculino enmárcase no Plan Xacobeo NextGeneration: posta en valor dos BIC do Camiño de Santiago, que inclúe melloras en BIC galegos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun acordo entre Turismo de Galicia e o Concello da Coruña que permitirá á Administración autonómica o desenvolvemento de distintas actuacións dirixidas á posta en valor da Torre de Hércules como ben de interese cultural (BIC) do Camiño de Santiago.

En concreto, o convenio autorizado hoxe permitirá a posta á disposición da Administración galega por parte do concello coruñés dos terreos necesarios para acometer as obras de conservación e a mellora das inmediacións da Torre de Hércules.

O embelecemento do contorno da Torre de Hércules é o principal obxectivo deste proxecto e a posta á disposición dos terreos permitirá á Administración autonómica acometer as obras de conservación e mellora deste monumento, declarado patrimonio da humanidade.

En concreto, as actuacións que se realicen consistirán na escavación na área de restauración do perímetro inmediato á base da Torre ao tempo que se mellorará a accesibilidade e se levarán a cabo distintas actuacións de reparación no espazo da área arqueolóxica da Torre de Hércules. Tamén se restaurarán as Salas Gianini, a terraza superior e o Edículo. Finalmente, instalarase unha iluminación ornamental na Torre con criterios de eficiencia enerxética e restauraranse os sendeiros do espazo natural de interese local Torre de Hércules (ENIL) na contorna do monumento.

Segundo o acordo autorizado hoxe, o Concello da Coruña porá á disposición da Xunta os terreos necesarios para a execución das obras. Pola súa banda, Turismo de Galicia levará a cabo a contratación da execución e a dirección das actuacións.

Turismo de Galicia financiará esta actuación con 995.000 euros. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que inclúe o Plan Xacobeo NextGeneration: posta en valor dos BIC do Camiño de Santiago, que ten como finalidade conservar os bens de interese cultural da comunidade e incentivar o seu aproveitamento social e turístico. En concreto, a Xunta xestiona máis de 27 millóns de euros na mellora de BIC galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE MÁIS DE MEDIO CENTO DE SEDES DE DIVERSOS ÓRGANOS XUDICIAIS

O Consello do Goberno galego deulle o visto e praxe á nova licitación cun orzamento de 7,6 millóns de euros e unha vixencia inicial de 24 meses

O Consello da Xunta acordou autorizar a contratación do servizo de limpeza de 54 edificios destinados a sedes de diversos órganos xudiciais en Galicia, cun orzamento de licitación de 7,6 millóns de euros e unha vixencia inicial de 24 meses prorrogables por un período igual. Deste xeito, o valor estimado do contrato supera os 15 millóns de euros.

O contrato, que se prevé que entre en vigor en xullo, divídese en catro lotes, correspondentes a cada unha das provincias. Así, aos 17 edificios da Coruña destinaranse preto de 2,5 millóns de euros, aos 10 de Lugo e outros 10 de Ourense algo máis dun millón de euros respectivamente, e aos 17 de Pontevedra, algo máis de 3 millóns de euros. Trátase de diferentes espazos, como oficinas, arquivos ou almacéns, que suman unha superficie de case 157.500 metros cadrados.

O novo contrato licítase con motivo do próximo vencemento do anterior, adxudicado en 2021 por un importe de 5,2 millóns de euros para un prazo de 24 meses prorrogables, e que se prolongou ata xullo deste ano.

Cómpre ter en conta que o contrato que remata foi obxecto de varias modificacións durante o seu período de vixencia para adaptarse ás novas necesidades que foron xurdindo, ben puntuais con motivo da pandemia, ben de xeito permanente por cambio de locais e de usos ou por novos edificios, entre outros motivos. Como resultado, o custo incrementouse nun 38 % con respecto á licitación inicial, e a diferenza da nova licitación co custo actual do servizo sitúase en case o 11 % para os dous anos de vixencia do contrato.

O número de edificios mantense con respecto á anterior licitación, aínda que aumenta a superficie en máis dun 18 %, debido a cambios nas instalacións, con supresións e incorporacións como a Cidade da Xustiza de Vigo, os xulgados da Estrada ou os de Xinzo de Limia, entre outras actualizacións. Medra tamén o número de traballadores e traballadoras nas distintas categorías e de horas do servizo, a causa tanto do incremento de superficie como da necesidade de persoal cualificado, o cambio de uso de determinadas zonas e a propia suba do custo unitario do persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CASE 2 M€ A CASE 40 PROXECTOS FINANCIADOS AO ABEIRO DAS AXUDAS DIRIXIDAS AO EIDO LOCAL NA ÁREA DE FERROL

- O Consello da Xunta fixo balance das actuacións levadas a cabo na área ferrolá con iniciativas de reforma en dependencias municipais ou parques infantís, traballos de conservación e mantemento do ambiente e melloras de eficiencia enerxética en instalacións de titularidade municipal
- Só en 2024 investíronse en toda Galicia máis de 32M€ na execución de case 700 proxectos municipais a través de subvencións específicas en apoio ao ámbito local

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe o informe das actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local dirixidas aos concellos en 2024 na área de Ferrol. En total, a vintena de municipios da área ferrolá percibiron o ano pasado 1,8 millóns de euros en axudas para colaborar en case 40 proxectos municipais.

Unha das liñas de axuda para o ámbito local é a Orde de infraestruturas de uso público para a creación e/ou mellora das infraestruturas, instalacións, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais a que a Xunta reservou un orzamento de 3,4 millóns de euros en 2024, que permitiu financiar 107 proxectos dos concellos galegos. Na área ferrolá houbo catro iniciativas beneficiarias por un importe de 133.600 euros para a mellora da accesibilidade e reforma do auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño e para actuacións en parques infantís en Ares, Cabanas e Cerdido.

Por outra parte, a través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental subvencionáronse tres proxectos por un montante de 88.627 euros, mediante os cales se contribuíu á modernización tecnolóxica e o desenvolvemento sustentable dos concellos coa adquisición de dous vehículos eficientes destinados aos concellos de Cabanas e Mugardos e outro material para a xestión do ambiente en Fene.

A liña non competitiva deste fondo, con este mesmo obxectivo xeral, permitiu executar 11 proxectos na área ferrolá cun investimento de máis de 858.400 euros. Actuouse nos municipios da Capela, Cariño, Cedeira, Mañón, Monfero, Narón, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño en traballos de limpeza e adecuación de rutas de sendeirismo, mellora dos servizos ambientais, adquisición de diverso material, tractores, colectores de lixo, mellora das redes de saneamento e abastecemento municipal e outras medidas encamiñadas á conservación, mantemento e restauración do ambiente e reequilibrio territorial.

Cómpre lembrar que a Xunta puxo en marcha unha nova liña de axudas plurianual para o período 2024-2025 cofinanciada con fondos Feder ao 60 % destinada á execución de obras de eficiencia enerxética en medio cento de concellos por 5,2 millóns de euros consistentes na mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais; e mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais. Na área de Ferrol investíronse 151.200 euros para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

financiar a mellora de eficiencia enerxética do centro sociocultural do Outeiro de Chanteiro de Ares e do local social da Toca das Somozas.

Ademais, a liña de colaboración cos concellos de menos de 15.000 habitantes destinada a obras de mellora da eficiencia enerxética e financiada co fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinou na área de Ferrol 449.723 euros aos proxectos presentados polos municipios de Cabanas, A Capela, Cariño, Mañón, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez e San Sadurniño, que, na maioría dos casos, se corresponde con melloras de eficiencia enerxética en instalacións deportivas. No conxunto de Galicia, estas axudas achegaron 5 millóns de euros a 93 municipios.

Por último, a orde de axudas destinada ao financiamento dos servizos municipais de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas supuxo un investimento de 1,5 millóns de euros o ano pasado en 185 municipios da comunidade. Na área de Ferrol 11 concellos -Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Neda, Ortigueira e Valdoviño- obtiveron axuda para cofinanciar este servizo por 105.175 euros.

Máis de 32M€ en case 700 actuacións

A Xunta mantén o compromiso cos concellos galegos e só neste ano distribuíronse máis de 32 millóns de euros para a execución de case 700 proxectos municipais mediante as liñas de axudas específicas, como a Orde de infraestruturas de uso público, o Fondo de Compensación Ambiental, a orde de axudas de eficiencia enerxética cofinanciada con fondos Feder ou o Fondo de Cooperación Local. Dos 303 concellos solicitantes, 292 - máis do 90 %- percibiron axudas.

Neste 2025, os municipios galegos verán incrementado o apoio que supón o Fondo de Cooperación Local, que ascende ata os 168 millóns de euros -co fondo base e o adicional-, 10 millóns máis que o ano pasado. Ademais, o fondo base do FCL incrementouse en 5,4 millóns de euros, que se repartirán entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administracións e os que teñen menos capacidade de aforro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 19.800 USUARIOS DO TRANSPORTE PÚBLICO DO CONCELLO DE FERROL BENEFÍCIANSE DE ATA 60 VIAXES GRATIS AO MES COA TARIFA +65 E A TARXETA XENTE NOVA

- O Consello da Xunta de Galicia abordou un informe da aplicación en Ferrol de ambas as medidas dirixidas a maiores de 65 anos e menores de 21
- Os beneficiarios con domicilio en Ferrol realizaron en 2024 máis de 530.000 viaxes gratuítas e as bonificacións da Xunta para compensar a súa aplicación superaron os 421.000 euros

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe un informe sobre as tarifas gratuítas Xente Nova (TXN) e +65 no ámbito do concello de Ferrol, das cales en 2024 se benefician máis de 19.800 persoas que teñen o seu domicilio no concello. En concreto, máis de 13.000 persoas maiores de 65 anos teñen acceso á tarifa gratuíta e máis de 6.700 persoas menores de 21 anos se fixeron coa súa tarxeta Xente Nova.

A través de ambas as dúas medidas facilítanselles aos colectivos beneficiarios ata 60 viaxes de balde ao mes no autobús interurbano e no ferrocarril de proximidade na área ferrolá. En conxunto, as persoas beneficiarias en Ferrol realizaron en 2024 máis de 530.000 viaxes gratuítas, e as bonificacións da Xunta para compensar a súa aplicación superaron os 421.000 euros.

No que se refire á tarifa +65, aplícase a través da tarxeta de mobilidade de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2024, polo que as tarxetas que contan coa dita tarifa neste concello superaron no seu primeiro ano de funcionamento as 13.000. Esta iniciativa facilita o desprazamento das persoas de máis de 65 anos a servizos esenciais como a sanidade pública, e tamén para xestións, compras e lecer.

Sobre a evolución da demanda, o informe recolle que as persoas maiores de 65 anos de Ferrol realizaron máis de 296.000 viaxes gratuítas en 2024 e a Xunta investiu no pagamento da bonificación destas viaxes máis de 190.000 euros, unha contía que os usuarios da tarifa puideron aforrar neste período.

Por outra parte, en canto á tarxeta Xente Nova, o informe recolle que en 2024 as tarxetas totais no concello de Ferrol para os menores de 21 anos ascenderon a máis de 6.700. Así, desde 2023 os beneficiarios desta iniciativa pioneira da Xunta para o fomento do transporte público que permite viaxar de balde en toda Galicia incrementáronse un 10,7 % en Ferrol.

O ano pasado, os menores de 21 anos de Ferrol realizaron máis de 236.000 viaxes gratuítas, un 0,7 % máis que en 2023. Cómpre sinalar que en 2023 xa se rexistrara un máximo anual, con máis de 234.000 viaxes gratuítas para os máis novos, incrementándose un 25 % con respecto ao exercicio anterior. Estas viaxes gratuítas supuxeron unha bonificación de máis de 229.000 euros en 2024, un 26,4 % máis que en 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo desta medida, posta en marcha pola Xunta en 2016 e que non deixou de medrar desde entón, é contribuír á economía familiar e facilitarlle á mocidade o acceso a servizos básicos ao tempo que se fomenta o transporte público e unha mobilidade sustentable nesta franxa de idade. Desde a súa activación en Ferrol en 2016 ata finais de 2024, o investimento da Xunta para compensar a bonificación dos máis de 1,2 millóns de viaxes dos menores de 21 anos de Ferrol pagadas con esta tarxeta supera os 1,2 millóns de euros.

A Xunta avanza no desenvolvemento tecnolóxico para que as persoas usuarias poidan levar esta tarxeta directamente no teléfono móbil, o servizo de QR Xente Nova, o que elimina a necesidade de cartón físico, de ter saldo e de recargar no caixeiro. Neste momento, esta funcionalidade atópase nunha fase piloto e pode empregarse en diferentes liñas do contrato do autobús metropolitano de Ferrol, así como noutras concesións de transporte público nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E CONCELLO DE FERROL PROMOVEN A CONSTRUCCIÓN DO PRIMEIRO GRAN PARQUE CANINO URBANO DE GALICIA

- O Consello toma razón do protocolo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Goberno local para a execución desta actuación
- Estará localizado no polígono de Catabois, nun espazo público actualmente sen outros usos, e ocupará unha superficie construída de aproximadamente 2.000 m²
- O Executivo galego asumirá a redacción do proxecto e a posterior construción desta infraestrutura mentres que o Concello cederá os terreos, facilitará os permisos municipais necesarios e farase cargo do seu posterior mantemento e explotación
- As cidades de Lugo, Pontevedra e Ourense tamén amosaron xa o seu interese por contar con esta infraestrutura e estanse analizando as propostas municipais

A Xunta e o Concello de Ferrol impulsarán xuntos a construción dun gran parque canino no polígono de Catabois, o primeiro destas características promovido en Galicia polo Goberno autonómico. O acordo materializarase a través dun protocolo de colaboración que asinarán proximamente a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e mais o Goberno ferrolán e do que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta.

Para facilitar o desenvolvemento das obrigas dos propietarios de cans, o Executivo autonómico tomou a decisión de promover, en colaboración cos concellos, parques caninos nas sete grandes cidades galegas, en que, por contar con máis poboación, se ten identificado tamén unha necesidade maior deste tipo de espazos dotacionais, nos cales os animais de compañía poden socializar con outros da súa especie, transitar con liberdade baixo a supervisión dos seus coidadores, en condicións de seguridade e sen causar danos ou molestias a ninguén, reforzando así a súa atención, saúde e benestar.

Neste sentido, a primeira entidade local en manifestar o seu interese por colaborar nesta iniciativa da Xunta foi o Concello de Ferrol, que, de feito, tamén puxo á súa disposición os terreos necesarios para poder facelo realidade.

En concreto, o futuro parque canino estará localizado na zona de Catabois, nunha parcela pública proposta polo executivo local e actualmente sen uso, localizada entre a estrada de Catabois, as vivendas de San Pablo e os depósitos de auga de Santa Mariña.

O espazo proxectado ocupará unha superficie construída de aproximadamente 2.200 metros cadrados, equipado con diferentes elementos destinados a garantir o lecer e exercicio físico dos animais, así como o mobiliario necesario para os seus propietarios.

Tal e como se especifica no protocolo de colaboración, a Xunta asumirá a redacción do proxecto e a posterior construción do novo parque canino ata completar os traballos para proceder á súa entrega formal, mentres que o Concello de Ferrol cederá os terreos xa citados, facilitará todos os permisos municipais requiridos para poder executar a obra e farase cargo do posterior mantemento, explotación e conservación da infraestrutura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa conta cunha proposta de contrato para a redacción do proxecto construtivo do parque canino de Catabois; en todo caso, ata que o proxecto estea redactado non se poderá estimar o investimento total necesario para a súa posta en marcha, prevista para este mesmo ano.

A maiores, as cidades de Lugo, Pontevedra e Ourense tamén amosaron xa o seu interese por contar con esta infraestrutura e estanse analizando as propostas municipais.

Avanzar no benestar dos animais domésticos

Cómpre lembrar que o impulso da man dos concellos de parques caninos nas sete grandes urbes galegas foi unha das medidas comprometidas pola Xunta para seguir avanzando en materia de protección e benestar animal nesta lexislatura.

En todo caso, ademais de promover a creación destas novas infraestruturas caninas – cun orzamento global reservado só para este ano de 100.000 euros –, o Goberno galego tamén construírá o primeiro centro de protección animal de Galicia para a acollida e atención de animais domésticos abandonados, pendente aínda de localización definitiva.

Esta nova instalación proxéctase coa vocación de servir de reforzo e apoio o labor desempeñado a nivel autonómico polos centros de recollida de animais abandonados xestionados por entidades locais e asociacións sen ánimo de lucro, especialmente naqueles concellos de menor número de habitantes e que non dispoñen dos medios necesarios para asumir de maneira satisfactoria estas tarefas.

Na mesma liña, tamén vén de renovar un ano máis o seu apoio aos concellos e asociacións protectoras para o coidado, manutención e atención dos animais domésticos de compañía abandonados, así como para o fomento das adopcións. En concreto, convocou a comezos de 2025 dúas ordes dotadas dun orzamento total de 1,33 millóns de euros, o que supón triplicar a contía das convocatorias do ano pasado.

Por último, a Xunta continúa coa súa aposta polo fomento das adopcións coa publicación, por segundo ano consecutivo, dunha liña de axudas dirixida a particulares co fin de cubrir os primeiros gastos sanitarios e de identificación de cans e gatos acollidos nalgún dos centros e protectoras autorizados en Galicia e que atopen un novo fogar, cun orzamento global de 40.000 euros para este ano.

Ben que aínda se está lonxe de erradicar o problema do abandono e maltrato animal, a sociedade galega avanza cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable neste eido, cunha resposta cada vez máis positiva á adopción dos animais atendidos nalgún dos centros existentes por toda a comunidade.

A isto hai que engadir que o abandono dos animais pode orixinar graves problemas de benestar, sanidade, seguridade pública e viaria, así como ambientais, polo que é fundamental que desde as administracións se sigan dando pasos para avanzar na liña da Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, unha norma pioneira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no seu día, que combate o maltrato en calquera das súas formas e promove o abandono cero mediante a adopción e a concienciación da sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA TRABALLA XA NA REVISIÓN DA NORMATIVA QUE REGULA A ACTIVIDADE CINEXÉTICA ANUAL PARA RETOMAR O PLAN DE XESTIÓN DO LOBO EN CANTO SE MATERIALICE A REBAIXA DO SEU NIVEL DE PROTECCIÓN

- O Consello acorda analizar o contexto normativo autonómico unha vez que o Congreso dos Deputados aprobou varias emendas a un proxecto de lei polo que as poboacións do lobo ao norte do Douro abandonarán o Listado de especies silvestres en réxime de protección especial, devolvéndolle o status previo a 2021
- Os técnicos do Executivo galego avaliarán todos os datos dispoñibles co fin de adaptar os criterios de valoración da recorrencia dos danos causados ás explotacións gandeiras á situación actual pois son os que servirán de referencia para a adopción das medidas de control previstas no plan de xestión
- O fin último é desenvolver accións que permitan garantir o equilibrio entre a conservación desta especie e os intereses do sector gandeiro galego podendo autorizarse esperas, batidas ou monterías en casos convenientemente xustificadas
- A Administración autonómica prepárase así para un axuste normativo que porá fin a máis de tres anos nos que non se puideron realizar medidas de control por unha decisión unilateral e sen base científica do Goberno central
- Os datos dos que dispón a Comunidade mostran que o estado de conservación das poboacións do lobo é favorable e que os avisos e danos por ataques subiron de xeito considerable obrigando a elevar o orzamento de apoio ás explotacións afectadas

A Xunta de Galicia traballa xa na revisión e actualización da normativa que regula a actividade cinexética anual na comunidade co fin de retomar o Plan de xestión do lobo e as medidas de control desta especie silvestre unha vez que se materialice a rebaixa do seu nivel de protección, que se fará efectiva coa exclusión das poboacións ao norte do río Douro do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe).

O Consello analizou hoxe o acordo polo que se inicia a adaptación do marco normativo autonómico -a resolución que fixa as épocas hábiles de caza- unha vez que o Congreso dos Deputados aprobou a semana pasada varias emendas a un proxecto de lei estatal polas que as poboacións de lobo ao norte do Douro abandonarán o Lesrpe. Deste xeito, en canto esa lei estatal se publique no *Boletín Oficial do Estado* e entre en vigor, a especie recuperará o nivel de protección que tiña antes de setembro de 2021, devolvendo ás autonomías a potestade de adoptar medidas de xestión e control.

Neste sentido, a Xunta levaba tempo reclamando ao Goberno central a rebaixa do nivel de protección do lobo -dado que o estado de conservación das súas poboacións en Galicia é favorable- co fin de acadar un equilibrio entre a súa protección e os intereses do sector gandeiro galego. Nesta liña, agora os técnicos do Executivo autonómico analizarán todos os datos dispoñibles co fin de adaptar os criterios de valoración da recorrencia dos danos causados polo lobo á situación actual pois servirán de referencia para a adopción das medidas de control previstas no plan de xestión da especie, aprobado en 2009 e plenamente vixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, ao abeiro da normativa que regula a actividade cinexética anual e dese plan de xestión poderían autorizarse accións como esperas, batidas ou monterías en casos nos que se xustifiquen convenientemente eses danos recorrentes ás explotacións gandeiras, medidas que contarían ademais cun rigoroso seguimento por parte da Administración galega co fin de garantir a preservación das poboacións.

O fin último é desenvolver actuacións que garantan a viabilidade desta especie silvestre no territorio galego mantendo unha poboación estable e compatibilizar a súa existencia cunha actividade económica -a gandeira- que sufriu importantes danos nos últimos anos como consecuencia da imposibilidade de adoptar medidas de control.

A Xunta traballa así para retomar o modelo de xestión vixente ata setembro de 2021, momento no que o Goberno central aprobou de xeito unilateral e sen aval científico a inclusión desta especie no Lesrpe. Esta situación mantívose desde entón malia que a Comisión Europea e o Convenio de Berna se mostraron favorables a rebaixar a protección do lobo ao entender que se atopa nun bo estado de conservación.

Situación da especie

Neste sentido, a información que Galicia remitiu recentemente ao Executivo central de cara á elaboración do informe sexenal sobre as medidas desenvolvidas en cumprimento da Directiva Hábitats revela que o estado de conservación das poboacións de lobo no territorio galego é favorable, ao aumentar un 37% nos últimos 20 anos. Os últimos datos dispoñibles apuntan a que en Galicia hai 93 mandas e que a súa presenza está repartida por máis do 90% da superficie da comunidade.

A imposibilidade de adoptar medidas de control dificulta a convivencia do lobo co sector gandeiro, con moitas familias ao límite por non poder afrontar as perdas derivadas dos ataques desta especie silvestre. De feito, desde o ano 2021 -no que se incluíu o lobo ao norte do Douro no Lesrpe- os avisos por danos disparáronse preto dun 77% e as reses afectadas por ataques da especie aumentaron un 57% -cunha media de 10 animais atacados ao día-, dificultando a rendibilidade económica de moitas explotacións.

Esta situación provocou ademais que a Xunta tivese que facer un maior esforzo orzamentario tanto en axudas para paliar os danos causados polo lobo como na adopción de medidas de prevención. Neste sentido, o orzamento das achegas para compensar os ataques desta especie silvestre pasou de roldar os 350.000 euros de media antes de 2021 a superar os 900.000 euros no presente exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 600.000 € A FAVORECER A CONTRATACIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO POR PARTE DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O obxectivo é que as beneficiarias acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica e logren a súa plena integración na vida económica e social
- Desde a posta en marcha destas achegas hai catro anos contratáronse un centenar de mulleres

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria da orde de axudas para apoiar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero por parte de entidades e cooperativas sen ánimo de lucro. O orzamento desta liña de subvencións é de 600.000 euros, similar ao de anos precedentes, e está cofinanciada pola Unión Europea (UE) no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027.

A finalidade destas axudas é contribuír a que as mulleres acaden unha maior autonomía a través da promoción da súa independencia económica. Tamén se procura favorecer as posibilidades de inserción laboral, co obxectivo fundamental de lograr a plena integración na vida económica e social.

O importe de cada contrato varía en función do grupo profesional, oscilando entre un mínimo de 1.932,54 euros e un máximo de 2.802,18 euros. A través destas subvencións, pódese chegar a contratar preto de 30 mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as que padeceran violencia vicaria e as vítimas de trata con fins de explotación sexual. As beneficiarias deben estar inscritas como demandantes de emprego, ter cesado a súa relación de convivencia co agresor e acreditar a súa condición de vítima.

Esta convocatoria de axudas realízase desde o ano 2021 e desde entón 65 entidades sen ánimo de lucro acolléronse a este programa e contratáronse a un total de 110 vítimas de violencia de xénero. Esta nova orde de axudas prevese que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro mes de abril.

Este liña de achegas forma parte do conxunto de actuacións que a Xunta de Galicia mantén desde hai anos para garantir un apoio completo ás vítimas, tales como as prestacións periódicas mensuais ou os programas de atención integral en ámbitos como o psicolóxico ou o xurídico, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DO NAVAL QUE INCLÚE 62 MEDIDAS CONCRETAS PARA MODERNIZAR E TRANSFORMAR TODA A CADEA DE VALOR

- O Consello da Xunta deu luz verde á folla de ruta que guiará as políticas do Goberno galego para impulsar e consolidar unha industria declarada estratéxica que achegou en 2022 o 3,5 % do PIB galego e preto de 14.000 empregos directos aos cales se suman varios miles máis vinculados á cadea de valor e á loxística
- O plan artículase arredor de dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes de actuación e sete ámbitos de prioridades que van desde a internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade ou as persoas, entre outros, e para os cales a Administración galega ten previsto destinar máis de 62M€
- A Consellería de Economía e Industria convocará nas próximas semanas a Comisión Sectorial da Construción Naval e activará os grupos de traballo co fin de pór en marcha o sistema de seguimento das medidas incluídas no documento
- Na súa elaboración colaboraron de xeito activo, ademais de Aclunaga, unha ducia de estaleiros, preto dunha vintena de empresas da industria auxiliar, a Universidade da Coruña e a Fundación Centro Tecnolóxico Soermar, así como tamén as organizacións sindicais e empresariais.

O Consello da Xunta deu visto e praxe ao Plan director do sector naval 2025-2027, un documento a través do cal o Goberno galego busca impulsar a transformación tecnolóxica e a modernización desta industria, a capacitación dos profesionais e a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de mellorar a súa competitividade, favorecer a adaptación ás exigencias do mercado, á sustentabilidade e á globalización do comercio marítimo. Para conseguir estes obxectivos a Xunta ten previsto investir máis de 62 millóns de euros.

O sector da construción naval en Galicia, declarado estratéxico en febreiro do ano pasado, é un pilar fundamental da economía rexional. En 2022, esta industria representou o 3,5 % do PIB de Galicia, xerando un total de 2.447 millóns de euros e 14.000 empregos directos, concentrados principalmente en dous polos de actividade, – máis de 9.000 persoas traballadoras entre Vigo e Pontevedra; e 4.000 na contorna de Ferrol–; ao que hai que sumar varios miles máis de postos de traballo vinculados á cadea de valor e loxística en que se apoia.

O Plan director do naval aprobado esta mañá recolle dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes de actuación e sete ámbitos de prioridades que van desde a internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade ou as persoas, entre outros. Inclúe tamén 62 medidas concretas que se desenvolverán ata o ano 2027 por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Nomeadamente, entre esas medidas inclúense iniciativas de apoio e asesoramento en materia de internacionalización a través da posta en marcha do Programa Re-acciona

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

internacionalización, que prestará o Igape dentro do Programa Re-acciona; ferramentas de apoio a proxectos de I+D+i no seo dos novos programas de innovación Tícket innova e Igape Innova, ou os bonos talento empresa para aproveitar o coñecemento das persoas traballadoras máis veteranas das súas organizacións, apoiando a transferencia de coñecemento entre traballadores/as sénior e as novas incorporacións nas empresas.

O plan prevé un seguimento das medidas que se van desenvolver, que se realizará conxuntamente co sector, e permitirá a súa adaptación ou redefinición, de maneira que os axustes realizados se plasmarán nas futuras actualizacións e modificacións do dito plan que se considere necesario facer. Deste xeito, nas próximas semanas porase en marcha a Comisión sectorial da construción naval e, de xeito paralelo, activaranse os grupos de traballo da Xunta integrados polos responsables dos órganos xestores competentes.

Un plan feito á medida

O plan director elaborouse logo dun proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector. Logo da consulta pública a través do portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas, solicitouse a participación das consellerías con competencias nas distintas actividades, así como a do sector privado, representantes dos traballadores e resto de axentes implicados. De feito, neste proceso colaboraron de xeito activo ademais de Aclunaga, o clúster do naval galego que representa o 24 % do total de empresas relacionadas coa construción naval en España, unha ducia de estaleiros, preto dunha vintena de empresas da industria auxiliar, a Universidade da Coruña e a Fundación Centro Tecnolóxico Soermar, así como tamén as organizacións sindicais e empresariais.

Outros colaboradores chave na elaboración do plan director foron Asime, o Clúster Tic e o Clúster da función loxística, aos cales acompañaron outras institucións e servizos de apoio como a Autoridade Portuaria de Vigo, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal ou o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVERTE O CIS GALICIA NO REFERENTE DA TRANSICIÓN ENERXÉTICA DO NOROESTE DE ESPAÑA CON LABORATORIOS ABERTOS E UN CENTRO VERDE NO POLO DE INNOVACIÓN EN ENERXÍAS MARIÑAS

- O Goberno galego integrará o CIS na estrutura do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) co obxectivo de potenciar as sinerxías entre o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a eficiencia enerxética no tecido industrial galego
- As instalacións da Cabana serán a sede dunha nova aceleradora en enerxías renovables coa finalidade de atraer e apoiar proxectos innovadores, tanto nacionais como internacionais, e consolidalos, para así facer fronte aos retos no contexto de transición actual

O Consello da Xunta abordou esta mañá o inicio das actuacións que permitirán converter o CIS Galicia no lugar de referencia para desenvolver tecnoloxías sustentables e innovadoras no eido da enerxía. Para iso, o Goberno galego integrará as instalacións da Cabana na estrutura do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e activará o Polo de innovación de enerxías mariñas e almacenamento enerxético. Deste xeito a comarca de Ferrolterra converterase no epicentro do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a colaboración entre empresas, centros de coñecemento e administracións, ao tempo que se fomentará o crecemento dun sector clave para o futuro como é o naval e as súas sinerxías coas enerxías renovables e a eólica mariña.

A incorporación do CIS Galicia no Inega, que é o organismo dedicado ao desenvolvemento, a innovación e á promoción do uso racional da enerxía e das tecnoloxías enerxéticas renovables, semella o marco ideal para maximizar os seus recursos e capacidades, así como a incrementar o impacto das súas accións no ámbito enerxético. Con esta mesma filosofía, a de reforzar o papel de Galicia como un referente na transición enerxética, a Consellería de Economía e Industria impulsa o Polo de innovación en enerxías mariñas, que aglutinará un conxunto de proxectos pioneiros relacionados coa innovación tecnolóxica e a enerxía, o desenvolvemento sustentable e a mellora da competitividade empresarial do tecido empresarial da comunidade.

Entre os proxectos que se poderán atopar no CIS Galicia e que se enmarcan no Polo de innovación está a Rede aberta de laboratorios industriais destinados á investigación e desenvolvemento de novas tecnoloxías enerxéticas. Trátase dunha iniciativa financiada con fondos Feder dentro do VI Programa de cooperación España–Portugal (Poctep) 2021–2027 que busca apoiar a innovación nas empresas industriais da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para impulsar novas formas de produción e prestación de servizos que permitan avanzar cara á dixitalización e ao desenvolvemento sustentable.

Para iso, ponse á disposición das empresas unha rede de laboratorios de procesos avanzados e un programa de apoio á innovación co obxectivo de que estas melloren as súas capacidades e teñan a oportunidade de facer probas para a implantación de solucións innovadoras en contornos preindustriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos proxectos con que contará o novo polo no contorno do CIS é o Centro Verde ou GreenHub para a creación dun centro de investigación en enerxías renovables a través de novas dinámicas de I+D+i que garantan a valorización dos recursos e residuos dispoñibles con potencial de aplicación en sectores diversos como son: automoción, aeronáutico, naval, téxtil, alimentación, mobiliario, construción e arquitectura. O proxecto conta con cofinanciamento do programa Poctep 2021-2027.

O Xemelgo Navaus, de simulación avanzada para a optimización de sistemas mariños e o proxecto Aowinde, enfocado na enerxía eólica mariña, ambos cofinanciados pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (Poctep) 2021-2027, son outras das iniciativas incluídas neste novo recurso do Goberno galego.

Business Factory en enerxías renovables

Ademais das accións que xa están en marcha, o Polo de innovación en enerxías mariñas vai albergar a creación dunha nova aceleradora no eido das enerxías renovables. O seu obxectivo é apoiar o desenvolvemento de novas empresas de base tecnolóxica (start-ups) que ofrezan servizos e solucións en toda a cadea de valor e ao longo de todo o ciclo de vida destas industrias. Coa súa posta en marcha, os emprendedores disporán dun espazo de traballo, apoio financeiro, formación, e un ecosistema único integrado por titores, mentores, *partners* e outros axentes relacionados co sector das enerxías renovables.

Xunto coa business factory en enerxías renovables, o Goberno galego impulsará un proxecto destinado á mellora da eficiencia enerxética e a integración de tecnoloxías renovables denominado Innomar, que se desenvolverá no contorno da zona experimental de enerxías mariñas de Punta Lagosteira, en Arteixo (A Coruña), dedicada ao ensaio, testaxe e desenvolvemento de prototipos que utilicen as enerxías do mar, principalmente das ondas, para xerar electricidade de orixe renovable.

E, finalmente, implantarase o proxecto CEGAH2, unha Iniciativa para o desenvolvemento de tecnoloxías de mobilidade marítima utilizando hidróxeno producido a partir de auga de mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A COOPERACIÓN CO TECIDO EMPRESARIAL PARA POTENCIAR A PROMOCIÓN INDUSTRIAL E O CRECEMENTO ECONÓMICO DE FERROL, EUME E ORTEGAL

- A Consellería de Economía e Industria asina unha folla de ruta con Cofer-Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal- e o Concello de Ferrol para identificar e apoiar proxectos e oportunidades empresariais e establecer o marco de colaboración para promocionar a actividade económica
- As actuacións irán encamiñadas a procurar a mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas, á captación de talento e a actuacións relacionadas cos fondos europeos
- Identificaranse iniciativas empresariais que poidan ser derivadas á Oficina Económica de Galicia para facilitar a súa preparación e posta en marcha, e promocionarse a industria eólica mariña, con grandes oportunidades de crecemento en Ferrolterra debido á súa situación privilexiada

O Consello da Xunta coñeceu dun novo convenio de colaboración impulsado pola Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, co Concello de Ferrol e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (Cofer) para impulsar o desenvolvemento industrial e económico destas tres comarcas. O obxectivo principal do acordo é reforzar a competitividade das pemes, fomentar a innovación e atraer novos investimentos que permitan dinamizar a economía local e crear emprego.

O convenio enmárcase nas accións que o Goberno galego promove para incentivar a economía e impulsar a competitividade do tecido produtivo, apostando pola captación de novos proxectos e a internacionalización das empresas existentes. Para iso, as tres entidades establecerán un marco de cooperación estable que facilitará a posta en marcha de iniciativas orientadas á promoción da actividade económica.

Cunha dotación total de 250.000 euros, financiados polo Igape (200.000 euros) e o Concello de Ferrol (50.000 euros), os fondos destinaranse a accións clave para o crecemento económico das comarcas, entre as que se inclúen a mellora da competitividade e produtividade das pemes, o impulso á promoción industrial e captación de talento no exterior ou o apoio á internacionalización e acceso a novos mercados.

Así mesmo, o acordo permitirá tamén o desenvolvemento de accións relacionadas cos fondos europeos, a organización de xornadas de sensibilización e eventos empresariais e a identificación de proxectos estratéxicos que poidan ser derivados á Oficina Económica de Galicia, creada pola Xunta como un punto de referencia para axilizar a implantación de novas iniciativas empresariais no territorio galego.

Eólica mariña, fondos europeos e internacionalización

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Un dos eixos fundamentais do convenio será a promoción da industria eólica mariña, un sector que presenta grandes oportunidades de crecemento en Ferrolterra debido á súa situación privilexiada na costa atlántica. Esta industria podería converterse nun motor económico clave para a comarca, xerando emprego e fomentando o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras.

Así mesmo, o acordo permitirá potenciar o acceso a fondos europeos como os do actual marco 2021-2027 e os fondos de transición xusta, facilitando que as empresas da zona poidan beneficiarse destes recursos para modernizar as súas instalacións, mellorar os seus procesos produtivos e ampliar a súa capacidade de negocio.

A colaboración entre a Xunta, o Concello de Ferrol e Cofer permitirá a posta en marcha dun plan coordinado de actuacións co obxectivo de potenciar a internacionalización das pemes e fortalecer a súa capacidade de competir nun mercado cada vez máis globalizado. Entre as medidas concretas que se desenvolverán destacan a identificación de novas oportunidades empresariais, a atracción de investimentos estranxeiros e a promoción de misións comerciais.

A Xunta de Galicia reafirma deste xeito o seu compromiso co desenvolvemento sustentable e industrial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, apostando por un modelo económico baseado na innovación, a industria sustentable e a captación de investimentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE FERROL NA REHABILITACIÓN URBANA DA CIDADE, CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 12 M€

- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas resalta que haberá actuacións en “seis barrios históricos, declarados BIC” ou que forman parte do trazado do Camiño de Santiago
- O presidente salienta que o Goberno galego “achegará o 75 % do investimento”, é dicir, 9 M€; e o Concello de Ferrol aportará o orzamento restante
- O proxecto céntrase en tres áreas de intervención: adquisición de edificios e solo para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos, e reurbanización de rúas, prazas ou accesos
- Rueda resalta que a Xunta vén redobrando a aposta por facer cidade en Ferrol, xa que recentemente se puxo en servizo a primeira fase de Abrir Ferrol ao Mar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou esta mañá “colaborar co concello de Ferrol para levar a cabo a rehabilitación urbana da cidade” que incluírá “actuacións en seis barrios” e suporá un investimento de 12 millóns de euros.

O obxectivo das intervencións previstas no convenio que se asinará co concello, tal e como explicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, é a rexeneración urbana de barrios “declarados BIC, históricos ou que están na traza do Camiño de Santiago”. “Trátase dun proxecto para recuperar edificios e espazos para a cidadanía e que vai contribuír a asentar poboación e negocios na cidade”, indicou.

Rueda explicou que o Goberno galego “achegará o 75 % do investimento, é dicir, 9 millóns de euros”; e o Concello de Ferrol aportará o orzamento restante, é dicir, 3 millóns de euros. De xeito máis concreto, a Xunta financiará as obras destinadas a adecuación e reurbanización, e a Administración local asumirá o investimento da adquisición de soares e edificios.

O proxecto céntrase en tres áreas de intervención: adquisición de edificios e solo para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais; rehabilitación de edificios emblemáticos, e reurbanización de rúas, prazas ou accesos.

Neste sentido, en relación á primeira área, rehabilitarase para uso museístico o antigo edificio do *Correo Gallego*, na rúa Magdalena, 186. Tamén se acondicionará un soar na Graña para habilitar 60 prazas de aparcadoiro, e outro soar para realizar un espazo multifuncional na avenida Breogán e rúa Espartero, en Ferrol Vello.

Tamén se adecuarán os soares para o centro de saúde de San Xoán, para equipamento deportivo en San Xoán, outro no barrio Ultramar para centro social e outro en Caranza tamén para centro social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire ao segundo eixe de actuación, acometerase o acondicionamento do centro cultural Carvalho Calero, do equipamento social en Recimil, do mercado da Magdalena ou do centro cívico de Caranza.

En canto á terceira liña de acción, executaranse obras de reurbanización da rúa Rubalcaba, de mellora da accesibilidade en Caranza ou de comunicación peonil entre os barrios da Magdalena e Canido.

Ademais prevese a remodelación da praza do Inferniño ou a rehabilitación da rúa Brasil, entre outras actuacións.

O Goberno galego, a través deste tipo de proxectos, segue traballando na mellora das contornas urbanas, da accesibilidade ou dos equipamentos públicos, contribuíndo á revitalización do territorio.

Abril Ferrol ao Mar

Rueda lembrou que a Xunta vén redobrando os esforzos técnicos e financeiros por “facер cidade” en Ferrol, xa que recentemente “se puxo en servizo a totalidade da primeira fase de Abrir Ferrol ao Mar”, un conxunto de actuacións acometidas na fachada marítima ferrolá.

Estas intervencións constaron dun investimento total de 15 millóns de euros, froito da cooperación entre a Xunta, a Autoridade Portuaria e o Concello de Ferrol. Este orzamento tamén contou co apoio de fondos MRR–NextGeneration.

Esta fase inicial incluíu o acondicionamento do entorno da dársena de Curuxeiras e a ampliación dun aparcadoiro na zona da Capitanía Marítima, co obxectivo de fomentar a mobilidade sustentable na fachada marítima de Ferrol, facéndoa máis atractiva e integrándoa na súa contorna natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN CONCURSO PÚBLICO DE DÚAS PARCELAS NO BERTÓN, EN FERROL, PARA QUE PROMOTORES E COOPERATIVAS CONSTRÚAN 48 VIVENDAS PROTEXIDAS

- As parcelas adxudicaránse preferentemente en forma de dereito de superficie, pero tamén poderá ser compravenda
- As vivendas serán todas protexidas, destinadas a alugamento ou compravenda
- No caso de adxudicación do solo en dereito de superficie, a concesión será por 75 anos

O Goberno galego impulsará un concurso público para a posta á disposición dos promotores e cooperativas en dúas parcelas (nº 6 e nº 7) de solo residencial urbanizado no Bertón, destinadas á construción de 48 vivendas protexidas na cidade de Ferrol. Trátase de parcelas propiedade da Xunta, no Plan parcial do Bertón.

O Consello da Xunta coñeceu os pregos da próxima convocatoria do concurso público polo que se adxudicarán ditas parcelas. O prazo de presentación das ofertas será de catro meses, contados desde o día indicado no próximo anuncio de licitación.

O solo deberá ser destinado á construción de vivenda protexida destinada a alugamento ou a compravenda. Terán preferencia as ofertas destinadas á construción de vivendas en alugamento e a adxudicación en dereito de superficie, así como as vivendas que vaia ter un prezo de renda ou venda máis reducido (réxime especial).

En función dos ditos criterios, a preferencia para a adxudicación das parcelas será, segundo o seu réxime, a seguinte:

Preferencia	Tipoloxía e destino	Forma adxudicación
1º	Especial. Alugamento	Dereito de superficie
2º	Xeral. Alugamento	Dereito de superficie
3º	Especial. Alugamento	Compravenda
4º	Xeral. Alugamento	Compravenda
5º	Especial. Venda	Compravenda
6º	Xeral. Venda	Compravenda
7º	Concertado. Alugamento	Dereito de superficie
8º	Concertado. Alugamento	Compravenda
9º	Concertado. Venda	Compravenda

No caso de adxudicación do solo en dereito de superficie, a concesión será por 75 anos. A Xunta conservará a propiedade do solo e os adxudicatarios satisfarán por este un canon anual moi reducido.

Ao remate do período de concesión, o solo volverá a dominio da Xunta de Galicia, xunto coas vivendas construídas nel, que pasarán a formar parte do parque público de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CEDERÁ TRES PARCELAS AO CONCELLO DE FERROL PARA OS USOS DOTACIONAIS E APARCADOIROS DISUASORIOS PREVISTOS NO PLAN DIRECTOR ABRIR FERROL AO MAR

- Trátase da cesión gratuíta do predio situado na praza Ferrándiz ou Cadro de Esteiro e rúa de Colón, e doutras dúas parcelas: unha na rúa Telleiras, e outra nas rúas Fonte da Greza/Telleiras
- O Executivo autonómico dá conta desta resolución, coa que dá resposta aos obxectivos de dar continuidade á segunda fase das actuacións de mobilidade sustentable xa executadas na fachada marítima e portuaria da cidade de Ferrol
- O Concello comprométese a analizar bolsas de solo residencial e ceder outras parcelas de solo urbano á Xunta, onde dispón na actualidade de solo residencial no Bertón e no Ferrol Vello, coa finalidade de seguir promovendo vivenda pública
- O Goberno galego continúa traballando co Concello na mellora integral da mobilidade sustentable, da accesibilidade universal e da infraestrutura verde, ademais de acadar unha rexeneración urbana cualitativa da cidade de Ferrol no seu conxunto

A Xunta cederá de xeito gratuíto tres parcelas de solo residencial de titularidade autonómica ao Concello de Ferrol co obxectivo de destinalas a usos dotacionais e aparcadoiros disuasorios previstos no Plan director Abrir Ferrol ao Mar.

En concreto, trátase da cesión dun predio urbano situado na praza Ferrándiz ou Cadro de Esteiro e rúa de Colón, cunha superficie de 4.916,14 metros cadrados; predio que engloba a parcela que limita co primeiro polos seus lindeiros norte, sur e leste, e polo oeste coa rúa Colón, e ten unha extensión superficial de 183 m².

E da cesión, ademais, doutras dúas parcelas: unha na rúa Telleiras, cunha superficie de 1.376 m², e a outra nas rúas Fonte da Greza/Telleiras, cunha superficie de 1.129 m².

O Executivo autonómico tomou razón hoxe da resolución, polo que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas materializará a cesión gratuíta destas tres parcelas do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), fundamentais para localizar os aparcadoiros disuasorios e o desenvolvemento das actuacións previstas no proxecto de Abrir Ferrol ao Mar.

Na resolución de cesión das citadas parcelas avaliada hoxe no Consello da Xunta recóllese ademais o compromiso municipal para analizar bolsas de solo residencial e ceder outras parcelas de solo urbano á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, coa finalidade de seguir promovendo vivenda pública no Concello. A Xunta ten na actualidade solo residencial de titularidade autonómica na área do Bertón e no Ferrol Vello.

Con esta resolución, o Goberno galego amosa o seu compromiso coa cidade de Ferrol e a mellora da calidade de vida dos seus veciños, e dá resposta aos obxectivos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compartidos co Concello da mobilidade sustentable na fachada marítima e portuaria da cidade de Ferrol

Segunda fase Abrir Ferrol ao Mar

En concreto, na segunda fase do Plan director Abrir Ferrol ao Mar prevese a construción de dous aparcadoiros disuasorios para un centenar de vehículos, nos barrios de Caranza e Telleiras, lugar en que se sitúan dúas das parcelas obxecto de cesión por solicitude municipal (na rúa Telleiras e nas rúas Fonte da Greza/Telleiras), co fin de dar continuidade ás actuacións de mobilidade sustentable xa executadas e prolongándoas cos barrios de Ferrol Vello, A Magdalena, Esteiro, Telleiras e Caranza, cunha lonxitude global de actuación duns 4 quilómetros en que se sitúa o outro predio obxecto de cesión.

A configuración urbanística do contorno das parcelas, especialmente de dúas das parcelas con usos dotacionais vencellados aos equipamentos da súa proximidade, como o auditorio de Ferrol, contribúen a ese desenvolvemento do Plan Abrir Ferrol ao Mar. A estas circunstancias súmanse a vontade do Concello de Ferrol para analizar outros ámbitos da cidade que precisen de crecemento e consolidación da trama urbana mediante a promoción de vivenda protexida.

En definitiva, segundo recolle o Plan director Abrir Ferrol ao Mar, as infraestruturas existentes e as pendentes de execución conformarían unha franxa continua de máis de 10 quilómetros de lonxitude no contacto da cidade de Ferrol co mar (entre A Graña e As Pías), ao longo do cal figuran as parcelas obxecto da cesión por parte da Xunta ao Concello.

O Goberno galego continúa traballando co Concello na mellora integral da mobilidade sustentable, da accesibilidade universal e da infraestrutura verde, ademais de acadar unha rexeneración urbana cualitativa da cidade de Ferrol no seu conxunto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A SEGUNDA FASE DA DRAGAXE DO PORTO DE CARIÑO POR VALOR DE MÁIS DE 218.000 €

- Cun prazo de execución de 3 meses, responde ao compromiso de Mar de renovar as infraestruturas portuarias que son da súa titularidade
- Iniciáronse os traballos de mellora da iluminación da nave de redes e está previsto o reforzo do dique unha vez que o Goberno central facilite os informes necesarios para poder executalo
- O Goberno galego prevé nas contas de 2025 para o sistema portuario das tres provincias costeiras 17,9M€

O Consello da Xunta deu conta do proxecto de acordo da licitación da segunda fase das obras de dragaxe no porto de Cariño por valor de 218.015 euros. Trátase dunha actuación necesaria, pois a sedimentación natural que se está producindo nalgúns zonas abrigadas está a empeorar a operatividade e zonas de manobra dos buques, xa que produce a redución de calado en varias zonas deste. Por tanto, para manter a operatividade e a seguridade é necesaria a realización destes traballos que permitirán aos traballadores e embarcacións o desenvolvemento da actividade marítimo-pesqueira, e con iso revitalizar a economía azul vinculada a este sector da comarca costeira de Ortegal, que ocupa unha extensión de 391 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de algo máis de 13.000 habitantes.

As obras consisten na dragaxe da zona norte do peirao comercial á cota -7. Con isto, despéxase un volume de 7.292 m³, contando coa sedimentación. Estímase un volume de sobredragaxe de 3.960 m³, o que suma un total de 11.252 m³, con destino a zona de vertedura en mar aberto. Ao seu remate prevese a extracción de máis de 75.000 metros cúbicos de area da zona da costa de varada e dos peiraos de atracada interiores. No tocante ao destino dos agregados extraídos da dragaxe, o material depositarase en alta mar, a unhas sete millas do porto, no punto de depósito autorizado.

Máis melloras en Cariño

Esta actuación responde ao obxectivo da Consellería do Mar de mellorar as infraestruturas portuarias que son da súa titularidade. Así, cabe destacar, que tamén se iniciaron os traballos de mellora da iluminación da nave de redes de Cariño, dando resposta a unha demanda das traballadoras que solicitaban contar con luz natural no interior da nave. Así mesmo, Portos de Galicia segue a traballar na tramitación das obras de reforzo do dique de abrigo deste porto, pendente de dous informes solicitados ao Goberno central, que non tiveron resposta ata o momento e, nos vindeiros meses, executaranse tamén os traballos de renovación das luminarias do porto, substituíndoas por tecnoloxía LED, en que Portos de Galicia investirá 90.000 euros, e a renovación de firmes portuarios, a que se destinarán 20.000 euros máis.

A Xunta de Galicia prevé para o conxunto da comarca de Ortegal nos orzamentos de 2025 case medio millón de euros, de modo que se comprometen actuacións por importe total de 5,4 millóns. Destaca a estabilización do noiro de Barallobre e o reforzo do de Mugardos, a dragaxe no porto de Pontedeume e o balizamento da canle de acceso a Ortigueira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Compromiso coas 3 provincias costeiras

O orzamento global da Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, para o conxunto do sistema portuario de cara a este exercicio ascende a 17,9 millóns. Esta partida compromete actuacións cuxo importe total ascende a 108 millóns de euros para as 3 provincias costeiras.

Ademais destas consignacións para obras singularizadas, os orzamentos recollen importantes investimentos xerais que abranguen varios portos. É o caso da dotación de luminarias LED en 26 peiraos, cun orzamento de 3,6 millóns; as novas capas de pavimentos e firmes nos portos, que contarán con 1,8 millóns, ou a mellora das instalacións náuticas para a que se consignan 1,2 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,2 M€ Á MELLORA DA MOBILIDADE SOSTIBLE DOS PEREGRINOS NO CAMIÑO INGLÉS

- Turismo de Galicia ten licitadas as obras de mellora da ruta e os proxectos de trazado e construción de treitos comúns
- En 2024, máis de 28.000 peregrinos percorreron o Camiño Inglés que medrou a un ritmo do 16 % con respecto ao ano anterior

O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións que se están a realizar no Camiño Inglés e que pretenden mellorar a seguridade viaria do itinerario polo que discorren os milleiros de peregrinos que cada ano elixen esta ruta como experiencia de peregrinación. En concreto, Turismo de Galicia está a licitar actuacións por importe de máis de 1,2M€ e que contribuirán a mellorar a mobilidade sustentable no Camiño de Santiago. Esta accións están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.

En concreto, Turismo de Galicia licitou as obras de mellora do Camiño Inglés por máis de 1,1M€, ás que hai que sumar tamén a licitación da redacción dos proxectos de trazado e construción de treitos comúns no Camiño de Santiago por máis de 88.000 euros.

Entre os obxectivos que se pretende con esta actuación figura o de garantir a seguridade dos peregrinos e demais usuarios do percorrido, xunto coa mellora de accesibilidade na ruta mediante a construción dunha nova senda e actuacións nos cruzamentos de estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal, entre outras.

Tamén se trata de poñer en valor o trazado do camiño ao tempo que se contribúe a dinamizar socioeconomicamente os territorios polos que discorre a ruta. O Camiño de Santiago actúa como xerador dun amplo catálogo de produtos turísticos diferentes e únicos que forman parte da oferta turística de Galicia. O pasado ano, un total de 28.060 peregrinos percorreron o Camiño Inglés, un 16 % máis que en 2023.

Actuacións en sendas e melloras de cruzamentos

As obras que se desenvolverán no Camiño Inglés están distribuídas en dous lotes, de maneira que no primeiro se acondicionará a senda dos Ramos-A Rúa, no concello de Ordes e no segundo mellorarase a seguridade viaria en cruzamentos con estradas desta ruta.

Así, na actuación da senda Os Ramos–A Rúa, en Ordes, suporá a execución dunha senda de 2,5 m de anchura e 350 m de lonxitude, actuándose tamén con previsión dunha futura instalación de iluminación pública. Ademais, acondicionarase a área de lecer da Senra.

No que atinxe ao segundo lote licitado, este inclúe actuacións en distintos cruzamentos do Camiño Inglés con vías de titularidade autonómica, provincial e municipal mellorando os elementos de sinalización e diferenciando a zona de cruzamento cun pavimento diferenciador, co propósito de advertir ao condutor do paso de peregrinos e provocar unha diminución da velocidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén se realizarán obras de acondicionamento do Camiño na contorna dos cruzamentos, actuando na pavimentación, limpeza de marxes, mellora e limpeza de dispositivos hidráulicos, entre outros.

Estas actuacións mellora da seguridade viaria enmárcase no propósito da Xunta de Galicia por traballar na excelencia da experiencia da peregrinación, un dos obxectivos do Plan director dos Camiños de Santiago 2027. Búscase, ademais, ir reforzando a seguridade dos peregrinos polos distintos itinerarios.

Galicia ten no Camiño de Santiago un elemento non só estratéxico para o seu posicionamento como destino turístico senón tamén transversal a todas as nosas liñas de actuación e verdadeiro eixe vertebrador da marca Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPLANTARÁ EN FERROL A PRIMEIRA SALA GALEGA DE ATENCIÓN A VÍTIMAS VULNERABLES EXTERNA AOS EDIFICIOS XUDICIAIS

- O Consello do Goberno galego tomou razón do informe sobre o novo espazo Gesell, que se situará no centro de menores en liña co coñecido como proxecto Barnahus
- O obxectivo é reducir a vitimización secundaria, coa creación dun espazo amable que evita os desprazamentos a diferentes dependencias e a repetición das declaracións

O Consello da Xunta tomou hoxe razón do informe sobre a implantación en Ferrol este ano da primeira sala galega de atención vítimas especialmente vulnerables externa aos edificios xudiciais. O novo espazo situarase no centro de menores da cidade ferrolá, co obxectivo de crear unha contorna amigable que posibilite a atención integral a estas vítimas, sen que teñan que acudir a diferentes dependencias e repetir a súa historia ao verse inmersas nun proceso xudicial. A iniciativa nace como proxecto piloto coa vontade de estenderse ao resto das cidades galegas, que xa contan con estas instalacións, coñecidas como salas Gesell, integradas en edificios xudiciais.

O centro de menores de Ferrol sitúase na contorna do edificio xudicial e, tanto pola súa estrutura física, funcionalidade e persoal, considérase o lugar axeitado para albergar a sala de atención ás vítimas vulnerables, especialmente a nenos e nenas. Quérese así seguir o modelo do coñecido como proxecto Barnahus (casa dos nenos e nenas en islandés), onde todos os departamentos se coordinan e traballan no mesmo espazo para atender o neno ou nena vítima, creando un ambiente amigable con decoración adaptada e profesionais especializados en vitimoloxía infantil.

Deste xeito, ponse a vítima no centro. A nova sala contará coa dotación tecnolóxica, a infraestrutura e o mobiliario axeitados para a realización da entrevista forense, que é gravada e todos os profesionais implicados poden visualizala por circuío pechado. Redúcese deste xeito a vitimización secundaria e mellórase o trato, ao axilizar a recollida do testemuño para facilitar a recuperación e evitar que a vítima teña que ir ao xuízo oral.

Salas Gesell en Galicia

O novo espazo que se implantará en Ferrol para a atención ás vítimas vulnerables súmase ás salas Gesell existentes nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que tamén están a ser reformadas para ofrecer un espazo comfortable e amable na práctica das dilixencias xudiciais. Búscase así impulsar unha xustiza próxima e empática coa cidadanía.

Este espazo habitual nas sedes xudiciais foi ideado polo pediatra e psicólogo Arnold Gesell para ofrecerlles aos menores unha sala en que sentirse seguros e cómodos á hora de prestar declaración ou someterse a probas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aposta por estes espazos representa un paso máis na aposta da Xunta por unha xustiza máis accesible, áxil, eficiente e dixitalizada. Neste marco de acción, o Goberno galego está a impulsar tamén infraestruturas modernas e sustentables, así como unha maior proxección social do ámbito xudicial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 100 M€ EN ACTUACIÓNS EXECUTADAS, EN MARCHA OU COMPROMETIDAS PARA OPTIMIZAR OS SERVIZOS HIDRÁULICOS EN FERROLTERRA

- O Executivo galego traballa nunha decena de proxectos en materia de augas, en diferentes fases de deseño e execución, nos concellos que integran a comarca
- Unha das intervencións máis importantes actualmente en desenvolvemento son as obras da fase II de mellora do saneamento en Cabanas, cun investimento de 2,4 M€
- Tamén se ultima o inicio dos traballos para garantir o abastecemento en Ares, licitados por 4,3 M€, e a optimización do saneamento rural en Ferrol, actuación dotada con 11,3 M€ e na cal se avanza coa redacción dos proxectos correspondentes
- A explotación da EDAR de Punta Avarenta, que dá servizo a 52.000 habitantes de Ares, Fene e Mugardos, é outra das medidas en execución, cun total de 66,5 M€
- Estas actuacións dan continuidade aos investimentos realizados pola Administración galega na zona para a mellora das redes de saneamento e depuración, así como para reducir o risco de inundacións, que suman máis de 130 M€ mobilizados desde 2009
- Os traballos buscan mellorar o tratamento das augas residuais e o estado ambiental dos municipios e da ría, o que contribuirá a impulsar o desenvolvemento de actividades económicas como a pesca, o marisqueo e o turismo

A Xunta de Galicia está a mobilizar un investimento estimado en preto de 100 millóns de euros a través dun completo paquete integrado por 10 actuacións co obxectivo común de contribuír a optimizar o funcionamento dos sistemas de saneamento, depuración e abastecemento que dan servizo aos concellos de Ferrolterra. Deste xeito, búscase mellorar a xestión dos recursos hidráulicos e o estado ambiental da zona, o que contribúe a impulsar o desenvolvemento tamén de actividades económicas claves para esta comarca como poden ser a pesca, o marisqueo ou o turismo, entre outros.

O Consello analizou hoxe un informe sobre as intervencións e proxectos de maior calado con que o Executivo galego —a través do organismo público Augas de Galicia— ten previsto garantir e optimizar a prestación dos servizos hidráulicos básicos á poboación da comarca ferrolá e, á vez, seguir mellorando a calidade da auga da ría de Ferrol.

Entre elas, inclúense actuacións en distintas fases de tramitación, deseño e execución, como por exemplo a mellora do saneamento en Cabanas e Pontedeume, o proxecto para completar a rede de saneamento do rural de Ferrol, ou as actuacións extraordinarias entregadas ao Concello de Ares a finais de 2024 para reparar a rotura dun colector.

En concreto e no capítulo das intervencións actualmente en marcha (que suman 70,45 millóns de euros), en Cabanas estase organizando o arranque da fase II da mellora do saneamento, que inclúe a instalación dun tanque de retención e unha nova impulsión para regular os caudais de residuais. Cun orzamento de 2,38 millóns de euros, estes traballos farán máis eficiente o sistema e evitarán desbordamentos en períodos de choiva intensa, complementando así a fase III (1,5 M€), cuxas obras están xa practicamente rematadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Neda tamén se están a desenvolver traballos de conservación fluvial no río Beelle (unha área inundable) para mellorar a capacidade hidráulica e reducir o risco de posibles asolagamentos. Cun investimento de 232.672 euros e tres fases, as dúas primeiras están xa rematadas e con resultados visibles e moi positivos para a veciñanza afectada.

Así mesmo, outro dos principais proxectos en execución é a explotación da EDAR de Punta Avarenta, que dá servizo ás zonas de Ares, Fene e Mugardos, ten capacidade para atender a 52.000 habitantes e un caudal medio de 500 m³/h. Esta actuación, licitada no marco dun contrato de concesión por importe de 66,5 millóns, incluíu a construción dunha extensa rede de colectores e tanques de retención para recoller augas residuais.

Por outra banda, Augas de Galicia tamén ten varias actuacións comprometidas que xa están en licitación ou en distintas fases de preparación (cun investimento global estimado en 17,1 millóns) que serán fundamentais para o futuro de Ferrolterra.

Entre elas destaca a mellora do sistema de abastecemento do concello de Ares, obra licitada recentemente por 4,3 millóns de euros co fin de garantir unha presión adecuada na subministración de auga durante todo o ano e incrementar deste xeito a calidade do servizo, e, sobre todo, o impulso ao saneamento rural de Ferrol, unha das prioridades da Xunta para esta lexislatura dado que gran parte das zonas rurais da comarca carecen de servizos de saneamento ou presentan redes obsoletas que causan verteduras, unha intervención dividida en dúas fases e cun orzamento estimado de 11,3 millóns de euros.

Por último, o informe tamén recolle os case 10 millóns investidos en varias actuacións hidráulicas rematadas nos últimos catros anos na zona. A máis relevante por importe foi o saneamento da Malata (Ferrol), cun investimento de 6,6 millóns e que implicou a construción de tanques de tormentas, a mellora do bombeo e a instalación de novos colectores. Ademais, Augas asumiu o 80 % do custo das obras extraordinarias para garantir o saneamento no concello de Ares a raíz da rotura dun colector.

Máis de 130 M€ desde 2009

Todas estas obras supoñen avanzar na colaboración mantida nos últimos anos cos concellos da zona para optimizar os servizos relacionados coa auga na comarca. De feito, desde o ano 2009 a Xunta, en colaboración co Estado e os concellos de Ferrolterra, vén desenvolvendo un ambicioso plan para mellorar a infraestrutura hidráulica da zona. Este plan ten como obxectivo a mellora integral do sistema de saneamento e depuración das augas residuais, actuación esencial para a recuperación ambiental da ría de Ferrol, un dos ecosistemas mariños máis importantes da comarca.

O compromiso do Executivo galego nestas actuacións non só inclúe o cofianciamiemento, senón tamén a colaboración estreita coas administracións locais, mobilizando desde entón e ata 2024 máis de 130 millóns para garantir o éxito dos proxectos realizados.

Neste sentido, un dos principais fitos foi a finalización e posta en marcha da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Cabo Prioriño, unha infraestrutura crucial para a depuración de Ferrol e Narón. A EDAR, que foi posta en funcionamento grazas á colaboración entre as administracións autonómica e estatal, contribuíu de forma

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

substancial á mellora da calidade das augas vertidas na ría, diminuindo significativamente a contaminación e mellorando os ecosistemas mariños.

A súa capacidade de tratamento abarca grandes volumes de augas residuais, e a súa execución foi financiada en gran parte por fondos europeos, cunha achega adicional de máis de 20 millóns de euros por parte da Xunta.

Colaboración cos concellos

Todas estas actuacións (tanto as xa executadas, como as que están actualmente en obras e en preparación na comarca de Ferrol teñen un impacto directo na mellora da calidade de vida dos galegos, especialmente en aspectos relacionados co saneamento, a depuración das augas residuais, a protección ambiental a través do coidado da calidade das masas de auga e a garantía do abastecemento.

A mellora das infraestruturas hidráulicas non só garante unha subministración de mellor calidade senón que tamén axuda a reducir os riscos ambientais e de saúde, proporcionándolles aos cidadáns un contorno máis seguro e sustentable.

De feito, con este novo paquete de actuacións nos concellos da comarca ferrolá, Augas de Galicia avanza na súa colaboración coas entidades locais —que son as competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías da comunidade e mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos gobernos locais manterase en 2025 cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros.

Este investimento permitirá seguir optimizando o saneamento e o abastecemento mediante a mellora das infraestruturas, a formación e a divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido dos recursos hidráulicos.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e traída municipais, así como no apoio aos concellos a través de media ducia de liñas de axudas (que suman un orzamento global de preto de 7,5 millóns de euros), o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes e de zonas de inundación controlada para reducir os asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PLANIFICA UN INVESTIMENTO DE 15 M€ PARA QUE A UDC CONSTRÚA O NOVO EDIFICIO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN NA INDUSTRIA EI3 NO CAMPUS DE FERROL

- Rueda asegura que esta medida busca consolidar este campus como un “referente” en eidos coma “o naval, os materiais, a robótica ou as enerxías verdes”
- O conselleiro de Educación enmarca este edificio na aposta do Goberno galego pola “educación e o I+D+i” como “garantía de oportunidades para a mocidade”
- Fíxase unha senda plurianual de financiamento para o período 26-28 a través do Plan de infraestruturas universitarias do Goberno galego e de fondos europeos
- Atenderá tanto necesidades formativas de alta cualificación dos universitarios como dos profesionais da industria da comarca ao longo da súa vida
- O persoal investigador e as empresas da contorna disporán no EI3 de equipamento baseado nos últimos desenvolvementos tecnolóxicos e técnicos
- Goberno galego e UDC traballan tamén nun Plan integral de rehabilitación, mellora enerxética e humanización para edificios da Universidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai destinar “15 millóns de euros á posta en marcha” do novo Edificio de investigación e innovación na industria (EI3) que a Universidade da Coruña prevé construír no Campus Industrial de Ferrol. Unha medida coa que se busca “aproveitar todo o potencial” que ten este campus “que foi o primeiro en acadar o selo de especialización”.

O obxectivo, tal e como explicou Rueda, é consolidar este campus “coma un polo de innovación referente da industria” en áreas como “o naval, os materiais, a robótica ou as enerxías verdes”. Unha medida que, tal e como engadiu o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, se enmarca “na aposta da Xunta pola educación e o I+D+i co fin de garantir oportunidades á mocidade” na comarca de Ferrolterra. “É un proxecto estratéxico para contribuír ao desenvolvemento socioeconómico e industrial de Ferrol”, indicou.

O EI3 será unha infraestrutura singular no ámbito da enxeñería naval e industrial, aliñada polo tanto coas prioridades da zona, e contará co equipamento e co capital humano preciso para ser un polo de innovación da industria 4.0. O obxectivo é liderar iniciativas tractoras en áreas en que na actualidade está xa especializado o Campus Industrial de Ferrol como a robótica, materiais, enxeñaría naval e *offshore*, xestión de procesos industriais, xemelgo dixital, hidróxeno verde aplicado ao sector marítimo, etc...

Para garantir o desenvolvemento económico do proxecto, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP consignará para o EI3 un investimento de 5,6 M€ a través de dúas anualidades do Plan de infraestruturas universitarias, tal e como estaba previsto no acordo asinado no 2023, logo de que as dúas primeiras anualidades fosen autorizadas para poder destinalas a tarefas de mantemento en diferentes edificacións da UDC. A contía restante ata completar os 15 M€ necesarios canalizarase a través de fondos europeos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Integración na arquitectura urbana

Rodríguez explicou que o novo edificio “suporá unha ampliación do campus e da súa capacidade investigadora e innovadora”. Estará situado na avenida de Esteiro, diante das facultades de Ciencias do Traballo e de Enfermaría e Podoloxía. Isto posibilitará que, desde o punto de vista arquitectónico, funcione como porta de acceso á propia Universidade, xerando unha maior relación entre o espazo residencial de cidade e o docente-investigador. Para iso, contará cun volume e altura concordantes coas edificacións da zona, pero cun carácter máis permeable. En concreto, disporá de seis andares de laboratorios, despachos de traballo colaborativo, salas comúns e outras instalacións; un andar baixo na entrada para recepción e outras dependencias, e dous sotos para aparcadoiros e almacéns.

Grazas ao EI3, o persoal investigador terá ao seu alcance nun mesmo espazo multidisciplinar todas as ferramentas necesarias, cos últimos desenvolvementos tecnolóxicos e técnicos desde o punto de vista da innovación. Isto dará resposta a Navantia, como referente empresarial, máis tamén ao resto da industria asociada a través da investigación aplicada e da transferencia de coñecemento a proxectos reais.

O conselleiro salientou que este centro ademais “atenderá as necesidades dos alumnos do campus e ofrecerá formación a profesionais da comarca”. Deste xeito, as empresas da contorna disporán de persoal altamente cualificado para un mercado cada vez máis competitivo e globalizado. Dado que o EI3 atenderá tanto a usuarios recorrentes como puntuais, contará con espazos de *coworking* e salas de traballo colaborativo que permitan a interacción adaptable a cada caso.

Sede do Centro Mixto con Navantia

O novo EI3 tamén albergará o Centro Mixto de Investigación da UDC e Navantia, un consorcio que arrincou en 2015 e permitiu optimizar a transformación dixital dos procesos do estaleiro. A Xunta -a través da Axencia Galega Innovación- leva investidos case 3 M€ nesta iniciativa, cunha mobilización de 8,6 M€. Entre os seus resultados, cabe destacar a incorporación das melloras acadadas á nova xeración de fragatas F-110.

Precisamente, o Campus Industrial de Ferrol é o único campus de España que conta, grazas a un acordo co Centro de Excelencia do Sector Naval (Cesena) e Navantia, co software de Siemens, o que permite formar o persoal investigador e o alumnado no programa do xemelgo dixital con que o estaleiro constrúe as F-110 da Armada.

Aposta pola formación e a I+D+i

Esta aposta de futuro supón redobrar o esforzo investidor da Xunta na UDC en Ferrol, que foi o primeiro campus en lograr o selo de especialización como Campus Industrial. A esta tarefa a Consellería de Educación ten dirixido desde 2015 máis de 14 M€.

A Xunta incrementa así a súa aposta no eido formativo e investigador en Ferrolterra, onde máis de 7.500 mozos e mozas cursan estudos universitarios ou de FP. En concreto, o Campus Industrial de Ferrol suma 2.700 alumnos de grao, máster e doutoramento na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cidade. Pola súa banda, o conxunto da comarca suma 4.866 matriculados en FP, un 8 % máis que no curso anterior, boa parte deles nos catro centros integrados.

Colaboración permanente Xunta-UDC

O impulso do EI3 é unha das principais liñas de traballo en marcha entre a Xunta e a UDC, que tamén inclúe dúas accións prioritarias. Por unha banda, a elaboración dun plan de equilibrio financeiro que contribúa a corrixir a situación da institución, herdada e posta de manifesto polo actual equipo reitoral na liquidación do orzamento de 2023.

Por outra parte, Goberno autonómico e Universidade traballan tamén nun Plan integral de rehabilitación, mellora enerxética e humanización que posibilite realizar unha serie de intervencións en edificios da UDC orientadas a facer fronte aos problemas de mantemento dos últimos anos. Tamén neste punto a Xunta de Galicia está comprometida coa Universidade para deseñar a vía económica precisa para executalo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA CON HORIZONTE 2030

- Conta cun orzamento de partida, como mínimo, de 17,5 millóns de euros, que se corresponde coas medidas da área de Política Social e Igualdade
- A estratexia pon o foco na loita contra a discriminación estrutural e o antixitanismo como nova prioridade

O Consello da Xunta abordou esta mañá un informe sobre a nova Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2025-2030. Contará cun orzamento de partida, como mínimo, de 17,5 millóns de euros, que se corresponde ás medidas da Consellería de Política Social e Igualdade e ao que hai que engadir as actuacións referentes ás áreas de educación, saúde, vivenda ou emprego.

Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en contar cunha estratexia de poboación xitana, no ano 2014. Este novo documento estrutúrase en oito obxectivos estratéxicos e 54 específicos, e pon o foco na loita contra a discriminación estrutural e o antixitanismo como nova prioridade. En concreto, as oito principais liñas de actuación que se recollen son: reducir a vulnerabilidade e a incidencia da pobreza e a exclusión, acadar a igualdade de trato, promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, impulsar a participación e a cidadanía activa, incrementar o nivel educativo, fomentar máis posibilidades de emprego e en mellores condicións, mellorar as condicións residenciais e das vivendas e procurar a mellora do estado de saúde.

Entre os obxectivos específicos, a estratexia incorpora algúns novos, tales como: evitar a soidade non desexada, impulsar a realización de estudos e investigacións sobre a realidade das mulleres xitanas, fomentar o asociacionismo, desenvolver programas de referentes na comunidade xitana, promover o acceso da poboación xitana ao emprego público ou loitar contra os prexuízos no ámbito da vivenda.

A nova estratexia é participada, pois recolle as propostas formuladas pola comunidade xitana e polas entidades locais e de iniciativa social que traballan neste ámbito. Implantarase a través de dous plans operativos (2025-2027 e 2028-2030) para garantir a eficacia dos seus obxectivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA QUE AS OBRAS DA RESIDENCIA DE MAIORES IMPULSADA POLA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA EN FERROL ESTARÁN REMATADAS ESTE VERÁN

- Entre 2024 e 2025, o Goberno galego investirá preto de 10 M€ en obras e dotacións de equipamentos e residencias de maiores, centros de atención á discapacidade e de menores e escolas infantís situadas en Ferrol e na súa contorna
- O maior investimento realizarase este ano na residencia pública autonómica de Caranza, á cal se destinarán 5,2 M€ para a súa total adaptación ao novo modelo de residencias

O Consello da Xunta abordou esta mañá un informe sobre as actuacións de obras e equipamentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade na cidade de Ferrol e na súa comarca. Entre as actuacións previstas para este ano, o informe revela que as obras da residencia de maiores pública que impulsa a Fundación Amancio Ortega en Ferrol estarán rematadas este verán.

Este centro residencial, en que se invisten 25 M€, contará con 120 prazas públicas, zonas de atención especializada e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, salas de convivencia ou salón de peiteado, entre outros.

O informe abordado esta mañá detalla que entre 2024 e 2025 a Xunta investirá preto de 10 M€ en obras e dotación de equipamentos en residencias de maiores, atención á discapacidade, escolas infantís e centros de menores situados en Ferrol e na súa contorna.

Concretamente, o ano pasado destináronse 2,3 M€ a este tipo de actuacións, entre as que destaca o 1,1 M€ destinado a obras na residencia pública autonómica de Laraxe, que permitiron a reforma integral e mellora das instalacións, así como actuacións de accesibilidade. Ademais, leváronse a cabo obras de seguridade e impermeabilización na residencia de maiores de Caranza, que supuxeron un investimento de 19.000 €.

En 2024 tamén se destinaron 1,2 M€ ao Centro de Atención á Discapacidade (CAPD) Souto de Leixa, cos que se realizou o cambio de cuberta, a carpintaría exterior e humanización, así como a instalación dun novo sistema de detección de incendios.

Ademais, nas escolas infantís investíronse 38.500 € entre obras e equipamentos. Esta partida permitiu actuar na escola infantil Virxe de Chamorro, en obras interiores e nos baños, e na de Catabois, na cal se procedeu ao acondicionamento do patio exterior. Por último, investíronse 59.000 € en equipamento para mellorar o confort de residencias de maiores, centros sociocomunitarios e de menores.

Neste 2025, o maior investimento será na residencia pública autonómica de Caranza, á cal se destinarán máis de 5,2 M€. O obxectivo destas actuacións será a implantación do novo modelo de residencias e implicará a intervención en todas as plantas, a ordenación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

exterior, a reforma da instalación eléctrica e contraincendios, así como a reforma da envolvente térmica e das cubertas.

No CAPD Souto de Leixa levarase a cabo un investimento de 1,8 M€ para dotar o centro dun novo equipamento, acometer o cambio de portas e a instalación dunha caldeira de biomasa.

Por último, destinaranse 300.000 € para mellora da cuberta e do peche perimetral do edificio do centro de menores de Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 7 M€ PARA IMPULSAR NAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL UNHA PLANTA DE FABRICACIÓN DE ESTRUTURAS NAVAIS FLOTANTES E UN CENTRO DE TRATAMENTO TÉRMICO PARA EMPRESAS DA METALURXIA

- O proxecto das novas instalacións para a fabricación de estruturas flotantes no porto exterior de Ferrol prevé un investimento total de ata 35 M€ e inclúe un compromiso de creación dun mínimo de 100 novos postos de traballo, permitindo o posicionamento en mercados relevantes como EUA e os países escandinavos
- A infraestrutura local de uso compartido para o tratamento térmico do aceiro será pioneira en Galicia e única no contexto estatal para tratamento de pezas de gran volume, facilitando ás empresas galegas producir con mellor calidade e de forma máis económica a través dun modelo de xestión innovador

A Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa modernización do tecido empresarial e co fortalecemento das infraestruturas industriais das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal cun investimento de 7 M€ destinados a dous proxectos estratéxicos. Ambas as iniciativas contribuirán á transformación industrial da zona, fomentando a xeración de emprego e a consolidación de Galicia como un polo de referencia en sectores de alto valor engadido.

Un dos proxectos destacados é a creación dunha planta de fabricación de estruturas navais flotantes para a eólica mariña, que se instalará no porto exterior de Ferrol. Esta infraestrutura prevé un investimento total de 35 M€ e contará cun financiamento de 5 M€ a través da liña de Préstamos Directos do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

O proxecto está promovido pola empresa Offshore Windwaves, S.L., pertencente ao Grupo Amper-Nervión, e supón unha aposta estratéxica para a industria naval e enerxética en Galicia. Ademais, este centro industrial permitirá a creación dun mínimo de 100 novos postos de traballo en Ferrol, reforzando a especialización do sector naval galego na construción de compoñentes para a eólica mariña.

A nova infraestrutura ocupará unha superficie de 74.025 metros cadrados, distribuídos en 10.000 metros cadrados de naves e instalacións e 64.000 metros cadrados para ensamblaxe e almacenamento. A súa localización no corredor atlántico, próxima a proxectos europeos e españois de enerxía renovable, permitirá acceder a mercados internacionais clave como Estados Unidos e os países escandinavos.

O segundo proxecto, cun investimento de 2,6 M€, está centrado na posta en marcha dunha infraestrutura de uso compartido para o tratamento térmico do aceiro. A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, destinou 2 M€ en axudas no marco do programa de Centros de Fabricación Avanzada, impulsando así unha instalación única en Galicia e sen precedentes no contexto estatal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta nova infraestrutura industrial, promovida polo Consorcio Galego de Tratamentos Térmicos (Cogaltra) e situada en Narón (A Coruña), está a permitir ás empresas galegas realizar tratamentos térmicos de pezas de gran volume que ata o de agora debían ser enviados a instalacións fóra de Galicia ou mesmo de España. O proxecto representa unha importante vantaxe competitiva para o sector industrial galego, reducindo custos de transporte, mellorando os prazos de entrega e garantindo unha maior calidade nos procesos produtivos.

A posta en marcha deste centro de tratamento térmico permite ás empresas do sector metalúrxico integrar este servizo na súa cadea de produción con custos axustados e prazos mínimos, facilitando a súa competitividade a nivel nacional e internacional. Ademais, a tecnoloxía empregada garante un menor impacto ambiental, contribuíndo á sustentabilidade da industria galega.

Crecemento industrial e xeración de emprego

O goberno galego leva anos activando programas de financiamento e apoio á modernización da industria galega, co obxectivo de favorecer a creación e consolidación de empresas competitivas e innovadoras. Estas dúas novas iniciativas supoñen un impulso clave para a transformación do tecido produtivo galego con investimentos que fomentan a xeración de emprego estable e de calidade.

Con estas medidas, a Xunta reafirma a súa aposta por atraer investimento, fortalecer a industria naval e metalúrxica e potenciar Galicia como un referente en sectores estratéxicos como a enerxía eólica mariña. A modernización e a competitividade do tecido empresarial galego seguirán sendo prioridades para o goberno galego, na procura de consolidar Ferrol, Eume e Ortegal como enclaves industriais clave no futuro económico de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA OU-212 EN AVIÓN, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,5M€

- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé contratar esta actuación nos vindeiros días co fin de comezar a execución das obras no verán
- A intervención, cun prazo de execución de 14 meses, é a 1ª fase de acondicionamento do tramo de máis de 6 quilómetros, entre Beariz e o desvío cara ao núcleo do Couso
- Os traballos incluírán a rectificación de curvas, a ampliación da plataforma ou a rehabilitación do firme, entre outras accións
- Tamén se humanizará a travesía de Liñares, construíndo beirarrúas e bandas de aparcadoiro a un mesmo nivel
- A actuación suporá outras melloras complementarias, como o acondicionamento dos accesos á estrada OU-212, a renovación da iluminación e das varandas de protección peonil ou a substitución da sinalización, adecuándoa ao novo deseño da vía

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de mellora da estrada OU-212 en Avión, que suporán un investimento de preto de 1,5M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé contratar esta actuación nos vindeiros días co fin de comezar a execución das obras no verán.

Esta intervención, cun prazo de execución de 14 meses, correspóndese coa 1ª fase de acondicionamento do tramo de algo máis de 6 quilómetros desta vía autonómica, entre o centro urbano de Beariz, á altura do punto quilométrico 6+250, e o desvío ao núcleo do Couso, no quilómetro 12+620.

Os traballos incluírán a rectificación de curvas, a mellora do firme ou a ampliación da plataforma ata os 7 metros.

Ademais, humanizarase a travesía de Liñares, construíndo beirarrúas e bandas de aparcadoiro a un mesmo nivel, cun cambio no acabado do pavimento e separación por bordo de 10 centímetros de anchura. Este deseño facilita que toda esta superficie poida ser utilizada polos peóns, tamén as bandas de aparcadoiro cando estas non estean ocupadas por vehículos.

A actuación prevé outras melloras complementarias, como o acondicionamento dos accesos existentes á estrada OU-212, a renovación da iluminación e das varandas de protección peonil, así como a reposición de servizos afectados e a renovación da sinalización, adecuándoa ao novo deseño da vía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, froito das reunións previas cos responsables dos concellos durante a planificación e redacción do proxecto, renovarase a capa de rodaxe de dous tramos da OU-212, para dar homoxeneidade á actuación, entre os puntos quilométricos 10 e 11 e entre os quilómetros 15 e 15+500, dentro do termo municipal de Avión.

Plano de situación dos tramos que se acondicionarán:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PROXECTO PARA CONSTRUIR UNHA NOVA SENDA NA ESTRADA AC-542 EN ORDES, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 1,2 M€

- A Xunta prevé aprobar o proxecto no outono para, a finais de ano, realizar o levantamento de actas previas das expropiacións e licitar as obras a continuación
- O proceso de información pública realizarase en vindeiras datas, cun prazo dun mes
- As obras, cun prazo de execución de 6 meses, consistirán na construción dun novo itinerario, cunha lonxitude total de 1780 metros e con dous tramos
- O primeiro treito comeza no punto quilométrico 19+600 da estrada, partindo da senda existente na marxe dereita, e continúa ata a beirarrúa do punto 20+920; e o segundo vai pola marxe esquerda, desde o punto 2 ata a glorieta cara á N-550
- Trátase de continuar a senda executada no límite de Ordes e Carral, na AC-542, con motivo do paso do Camiño Inglés, e conectala coa N-550, en Mesón do Vento

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á aprobación provisional do proxecto para construír unha nova senda na estrada AC-542 en Ordes, que suporá un investimento autonómico de preto de 1,2M€.

A Xunta prevé poder aprobar o proxecto no outono para, a finais de ano, poder realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, e licitar as obras a continuación.

Para levar a cabo esta intervención será necesaria a expropiación de 27 parcelas, todas no concello de Ordes.

O proceso de información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, realizarase en vindeiras datas, e por un prazo dun mes.

As obras, cun prazo de execución de 6 meses, consistirán na construción dun novo itinerario, que sumará unha lonxitude total de 1780 metros e contará con dous tramos.


O primeiro treito comeza no punto quilométrico 19+600 da estrada, partindo da senda existente na marxe dereita, e continuando ata a beirarrúa do punto 20+920.

O segundo tramo discorrerá pola marxe esquerda, desde o punto 21+000 ata a glorieta que conecta coa N-550, no punto 21+380.

O obxectivo é dar continuidade á senda executada no límite dos municipios de Ordes e Carral, na AC-542, con motivo do paso do Camiño Inglés, e conectala coa N-550, ao seu paso por Mesón do Vento.

Plano de situación da nova senda:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA O SEU COMPROMISO EN MATERIA DE VIVENDA COA CIDADE DE FERROL, CON 363 VPP XA EN MARCHA

- En total, a Xunta de Galicia suma na actualidade investimentos en marcha en Ferrol no eido da vivenda por preto de 79M€
- O Goberno galego ten licitada a construción de 48 vivendas de promoción pública e a redacción de proxectos e dirección de obra doutras 315 vpp en 7 parcelas do polígono do Bertón
- Ademais, ao abeiro do programa Rexurbe, a Xunta ten 24 inmobles que rehabilitará para poñer 49 vivendas en alugamento accesible, das que 9 están neste momento en execución
- Ferrol ten declarada Área Rexurbe desde 2022, coincidente co ámbito de Ferrol Vello e declaradas catro áreas de rehabilitación integral nos barrios da Madalena e Ferrol Vello, A Graña, Esteiro Vello e Recimil

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre as actuacións en materia de vivenda que está a desenvolver en Ferrol, con investimentos en marcha por case 79M€ (78,6M€) no marco do compromiso do Goberno galego para facilitar nesta lexislatura o acceso á cidadanía de vivenda digna, de calidade e a un prezo accesible.

Na cidade ferrolá a Xunta ten en marcha 363 vivendas de promoción pública en sete parcelas do polígono de Bertón. Neste senso, están licitadas as obras de construción de 48 vivendas nas parcelas 1 e 2, cun orzamento de 6,6 e 6,4M€ respectivamente. E están licitadas a redacción e a dirección de obra das restantes vivendas: 75 previstas na parcela número 10; 75 na 11; 49 na 13; 58 na número 14 e outras 58 na parcela 15. En todos os casos, estase no proceso de avaliación de ofertas para a adxudicación dos correspondentes contratos.

Ademais da construción de vivenda pública, outro dos eixes das políticas de vivenda da Xunta está na rehabilitación. Así, ao abeiro do programa Rexurbe a Administración autonómica adquiriu 24 inmobles que darán lugar a 49 vivendas que se adxudicarán en réxime de alugamento accesible. Neste momento, están adxudicadas 2 vivendas e en obras outras 9, das que 2 están a piques de rematar e o resto estarán listas en 2026.

Así mesmo, está previsto licitar un novo concurso público para a posta á disposición de promotores e cooperativas de 2 parcelas propiedade da Xunta de solo residencial urbanizado no Bertón, destinadas á construción de 48 vivendas protexidas.

Por outra banda, Ferrol conta con Área Rexurbe, declarada polo Consello da Xunta en 2022, e o ámbito coincide co Plan especial de protección e rehabilitación do barrio de Ferrol Vello. Na actualidade o concello está a redactar o plan de dinamización para desenvolver esta área, que comprende 269 edificios, dos cales 253 son residenciais.

Ademais, a cidade ten declaradas áreas de rehabilitación integral nos barrios da Madalena e Ferrol Vello, no barrio da Graña, no de Esteiro Vello e Recimil, con convenios en execución que suman 3,9M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A PRÓXIMA LICITACIÓN POR CASE 4 M€ DA REDACCIÓN DO PROXECTO E DA DIRECCIÓN DA OBRA DA FASE FINAL DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL

- A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia publicará nos vindeiros días o anuncio da licitación do contrato de servizo para redacción dos proxectos básico e de execución e a dirección das obras da fase final do Plan director do CHUF
- Incluirase tamén a redacción do proxecto básico e de execución das obras previas para enlazar coa intervención en execución da primeira fase do plan, así como para preparar o hospital para a execución da fase final de forma compatible coa actividade asistencial
- O orzamento estimado das obras da fase final máis a fase previa acada os 87 M€

O Goberno galego anunciou hoxe a licitación nos vindeiros días por case 4 millón de euros do contrato de servizo para a redacción do proxecto e a dirección de obra da fase final do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF).

Así, será a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia a que publicará nos vindeiros días o anuncio da licitación deste contrato, cun prazo de execución será de 52 meses, ao estenderse o servizo da dirección de obra a todo o período de execución dos traballos, ata que estean entregados e en servizo.

O obxecto principal do contrato será a redacción dos proxectos básico e de execución e a dirección das obras da fase final do Plan director do CHUF. Ademais, baixo este contrato, redactarase tamén un proxecto básico e de execución das obras previas que é necesario executar para enlazar axeitadamente a nova obra coa obra en execución da primeira fase do plan director, así como para preparar o hospital para a execución da fase final de forma compatible coa actividade asistencial.

Previamente a estes proxectos, redactarase un anteproxecto que sirva de base para desenvolver o proxecto da fase final do plan director e o proxecto da fase previa, así como para realizar, no caso de que se precise, a tramitación urbanística da actuación.

O orzamento estimado das obras da fase final máis a fase previa do Hospital de Ferrol acada os 87 M€.

A superficie de actuación é de 5.747 m² no Hospital Naval, e de 35.366 m² no Arquitecto Marcide para esta fase final, incluíndo as superficies de actuación na súa fase previa.

Coa fase final afrontaranse as actuacións máis importantes das fases 2 e 3 do Plan director do complexo hospitalario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre estas intervencións, destaca a renovación da hospitalización existente no Hospital Arquitecto Marcide, que implicará que tras a execución da fase 1 e da fase final se incrementen nun 22 % o número de camas; o bloque cirúrxico, tanto no hospital Naval como no Marcide, ou as novas consultas externas.

Tamén se inclúen outras actuacións como o Hospital de día onco-hematolóxico, a unidade de dor e os laboratorios.

En canto aos prazos de execución das obras, estímase en 12 meses para os traballos previos, e en 36 meses para a fase final.

Características do contrato

Os proxectos obxecto do contrato elaboraranse en base ao Plan director do CHUF e ao Plan funcional revisado, que mantén os criterios xerais establecidos. O Complexo Hospitalario constará así de tres edificios con destinos asistenciais. En concreto, o Hospital Arquitecto Marcide, orientado a pacientes complexos con servizo de urxencias, quirófanos con ingreso e unidades críticas; o Hospital Naval, orientado a pacientes crónicos, rehabilitación, saúde mental e actividade ambulatoria tanto en consultas como en quirófanos; e o Hospital Nóvoa Santos, de apoio docente e investigación e ámbito sociosanitario.

Cómpre sinalar que os parámetros poboacionais considéranse válidos e vixentes os empregados na última versión do Plan funcional, manténdose polo tanto o dimensionamento no número de camas e quirófanos.

O aumento da ambulatorización e a incorporación de novas actividades reflicten unhas novas necesidades que se recollen na versión revisada do Plan funcional.

Infografía da imaxe final do CHUF, tal e como se prevé no Plan director:



Avance das obras da fase 1

Informeuse tamén o Consello da Xunta de Galicia do avance nas obras da fase 1, que debeu solucionar moitos atrancos durante a execución do contrato debido a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compatibilizar a propia obra coa asistencia sanitaria, nun período en que coincidiu a crise da COVID-19, e a crise de prezos, materiais e subministracións tras a pandemia.

Hoxe en día estase executando xa o 100 % da nova edificación, tras a posta en marcha a finais de 2024 da nova central térmica, o que permitiu derribar o antigo edificio que a albergaba. Previamente, fixéranse innumerables traslados internos no hospital, o máis relevante o do servizo de radioloxía, que está a funcionar desde a primavera de 2023 cunhas prestacións moito maiores ao acoller novos equipamentos de diagnose por imaxe con que non se contaba anteriormente.

Prevese que as obras desta fase 1 poidan estar rematadas ao longo do ano 2026, enlazándose así xa cos traballos previos da fase final.

Posta en marcha da nova radioloxía na primavera de 2023



Imaxe recente da execución das obras da fase 1:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 5,4 M€ Á CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO BARRIO FERROLÁN DE SAN XOÁN

- Salienta que dará servizo “a máis de 10.000 veciños” dos barrios de San Xoán, Catabois e Santa Cecilia
- O Executivo galego reforzará a atención primaria da cidade departamental cun novo centro sanitario de 2.400 m²
- Contará cun cadro de persoal composto por 8 médicos, 8 enfermeiras, 1 auxiliar de enfermaría, fisioterapeutas, traballador social, matrona e persoal de servizos xerais
- A nova infraestrutura sanitaria reservará espazos para albergar actividades vinculadas aos servizos sociais
- A previsión é licitar o proxecto de obra no primeiro semestre de 2026

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá que o Goberno autonómico vai construír un novo centro de saúde no barrio ferrolán de San Xoán co que “dar servizo a máis de 10.000 veciños” e que terá un investimento de máis de “5,4 millóns de euros”.

Así, tal e como explicou Rueda, unha vez que o Concello de Ferrol “ceda a parcela” ao Servizo Galego de Saúde, e se realicen os trámites necesarios, a Consellería de Sanidade procederá á licitación do proxecto desta nova infraestrutura sanitaria que optimizará a atención primaria na cidade departamental.

Segundo o seu plan funcional, o novo centro de saúde prestará asistencia sanitaria a máis de 10.200 usuarios que actualmente reciben a atención médica no principal centro de saúde da cidade, o Fontenla Maristany. Ademais, o presidente explicou que prestará asistencia á poboación adulta (maiores de 14 anos) “dos barrios de San Xoán, Catabois e Santa Cecilia”. A atención pediátrica manterase no Fontenla Maristany.

No que atinxe á planificación dos espazos prevese que o novo centro de saúde conte con 2.400 m² de superficie construída que se distribuirá en 6 consultas de medicina, 6 consultas de enfermaría, 2 consultas de fisioterapia, 1 consulta de matrona e 1 de traballador social, 3 salas de docencia, 1 sala polivalente e 2 salas de técnicas.

Ademais, a nova infraestrutura sanitaria reservará espazos para albergar actividades vinculadas aos servizos sociais.

En canto aos recursos humanos, o centro de saúde de San Xoán dotarase cun cadro de persoal composto por 8 médicos, 8 enfermeiras, 1 auxiliar de enfermaría, traballador social, fisioterapeutas, matrona e persoal de servizos xerais.

A previsión é que a licitación do proxecto e dirección de obra do novo centro de Saúde de San Xoán se realice no primeiro semestre de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS MUSEOS E ARQUIVOS DA XUNTA OFRECEN ESTE ANO UN TOTAL DE 70 EXPOSICIÓNS E MÁIS DE 170 ACTIVIDADES

- A programación, que se estende ata finais de 2025, foi avaliada hoxe polo Consello e nela inclúense once centros museísticos e 5 arquivos localizados nas 4 provincias
- Entre as mostras destacan as que fan uso das tecnoloxías con propostas inmersivas ou as que poñen de relevancia figuras como Castelao en distintos eidos creativos
- A estas propostas únenselles outras dirixidas a poñer en valor os fondos propios salvagardados por cada institución e as súas coleccións
- A axenda complétase con actividades como visitas guiadas, obradoiros, música ou relatorios, entre outras accións de dinamización para público adulto e infantil
- As entidades, dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, consolídanse cunha oferta de calidade, diversa e para diferentes intereses

O museos e arquivos xestionados directamente pola Xunta de Galicia contarán este ano cun total de 70 exposicións e máis de 170 actividades na súa programación, consolidándose como grandes xeradores de cultura na Comunidade cunha oferta diversa, de calidade, para todos os públicos e distintos intereses. Así se deu conta hoxe no Consello, onde se analizou o informe con toda a planificación que se estenderá ao longo deste 2025.

Así, a dotación de contidos nos distintos equipamentos que funcionan ao abeiro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, localizados nas catro provincias galegas, segue a liña marcada pola Lei de cultura inclusiva e accesible, que ten por obxectivo eliminar todo tipo de barreiras, xa sexan físicas, territoriais ou de calquera outra índole, achegando a cultura a toda a poboación.

Os museos, tras superaren o medio millón de visitantes no 2024, cun incremento do 23 % con respecto ao ano anterior, afrontan a programación deste ano con exposicións centradas en figuras galegas de relevancia en distintos eidos creativos, como Castelao, así como en proxectos de carácter internacional. Todo isto, sen deixar de poñer en valor os propios fondos salvagardados en cada unha das institucións, facendo fincapé no compromiso do Goberno galego coa divulgación da nosa cultura e preservación da nosa identidade. Ademais, destaca a grande aposta que se fai pola innovación e o uso das máis modernas tecnoloxías para achegar á cidadanía experiencias únicas.

O programa expositivo irá acompañado de accións paralelas ás exposicións temporais e cun amplo plan de actividades xa consolidado en cada un dos centros museísticos, exercendo tamén así como importantes puntos de dinamización cunha coidada oferta de lecer cultural.

Trátase dunha axenda cultural que abrangue en Santiago de Compostela a Cidade da Cultura, o Centro Galego de Arte Contemporánea e o Museo das Peregrinacións e de Santiago; o Museo de Belas Artes, na Coruña; a Fundación Pública Camilo José Cela, no concello coruñés de Padrón; o Museo do Mar de Galicia, en Vigo; e o Museo Massó, en Bueu; o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, na cidade das burgas; o Museo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Etnolóxico e o Museo do Viño, no municipio ourensán de Ribadavia, e o Museo do Castro de Viladonga, na localidade lucense de Castro de Rei.

No caso dos arquivos, inclúense nesta programación os seguintes centros dependentes da Xunta: o Arquivo de Galicia, localizado na Cidade da Cultura; o Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña; o Arquivo Histórico Provincial de Lugo, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e o Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

Todos eles programan para este ano varias mostras temporais relacionadas con documentos históricos que se complementan con distintas accións ao redor das propias exposicións ou das coleccións de cada entidade e tamén con motivo de distintas efemérides.

Provincia da Coruña

En Santiago de Compostela a Cidade da Cultura ofrece un extenso programa que abrangue desde as exposicións no Museo Centro Gaiás ata as mostras na Biblioteca e no Arquivo de Galicia. Así, destacan as propostas que se basean nas tecnoloxías como a experiencia inmersiva *Orixes*, que ofrece unha viaxe virtual a través da vida, ou o achegamento no Ano Castelao á figura dun dos pais do galeguismo mediante unha recreación interactiva. A isto engádense accións como o apoio a artistas coas súas residencias ou as distintas propostas divulgativas artelladas ao redor das exposicións tanto para público infantil como adulto.

No Centro Galego de Arte Contemporánea, tamén en Santiago, suman aos proxectos que perduran do ano pasado outras seis exposicións protagonizadas por Priscilla Monge, Enrique Palazuelo, Lluís Hortalá, Alexandra Runner, Mar Caldas, Concha Jerez e José Igés. Neste senso, salientan tamén as distintas iniciativas vencelladas ás mostras para afondar nelas, completando así o programa.

Pola súa banda, no Museo das Peregrinacións e de Santiago presentan como novidade a mediados de ano *Kumbh Mela Prayagraj*, unha recompilación de fotografías de Manuel Valcárcel localizadas neste festival da India. No centro tamén se desenvolven actividades familiares para coñecer o museo e accións puntuais con motivo de días sinalados.

No Museo de Belas Artes, da cidade da Coruña, o principal proxecto deste 2025, e previsto para xuño, é *A barca de Caronte: a travesía vital de Isaac Díaz Pardo*, que fai un percorrido creativo pola súa obra desde a etapa pictórica á de deseñador industrial. Complétase coa ampliación do período expositivo de *Arquitecturas que falan do seu tempo* e *Convidadas, dúas miradas de Zuloaga*, ademais dunha renovada experiencia virtual con *A Torre de la Parada*. O espazo ofrece, por outra banda, programas educativos e distintos cursos que teñen que ver coa arte, o gravado ou o debuxo manga, así como ciclos musicais e actividades de lectura.

A programación da provincia complétase en Padrón da man da Fundación Camilo José Cela que inaugura en xuño no Colexio de Fonseca de Santiago a mostra *Me declaro*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

feminista, en xullo, mentres que a súa sede acollerá en xullo *Habitar o baleiro*, e en setembro *Doctorados Honoris Causa*.

A isto súmanselle as mostras do Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, *Mulleres artistas: aprendendo o oficio*, que xa se pode visitar, e *Historias do ensino en Galicia*, prevista para xuño. Mentres, na Coruña, o Arquivo do Reino de Galicia dedicou o Día da Muller ás primeiras arquivistas da institución cunha selección de pezas físicas e unha mostra virtual, e celebra o seu 250 aniversario cunha mostra de documentos singulares, testemuños da historia de Galicia, que se poderá ver a partir de outubro.

Provincia de Lugo

En Lugo destaca a intensa actividade do Museo do Castro de Viladonga, localizado no concello de Castro de Rei. Así, na vertente expositiva ofrece a oportunidade de coñecer materiais arqueolóxicos relacionados coa metalurxia do ferro con *A produción do ferro na antigüidade. Unha achega desde Viladonga*, e celebra os 25 anos da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade con outra mostra.

Para destacar todo o seu potencial, este enclave programa unha serie de obradoiros tanto para escolares como para adultos ou para gozar en familia e con moi diferentes eixes. Así mesmo, tamén celebra varias efemérides como as Letras ou o Día Internacional dos Museos.

Doutro lado, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo destaca neste 2025 a mostra *O gabinete fotográfico de Constantino Rodríguez*, que se poderá visitar desde xullo e recolle imaxes deste autor con varias temáticas. Tamén, como é tradición, abre as súas portas con visitas guiadas no Día Internacional dos Arquivos.

Provincia de Ourense

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense continúa coa súa acción divulgativa *Peza do Mes*, coa que lle dá difusión aos seus fondos. Ademais, para o segundo semestre do ano ten prevista a posta en marcha dunha exposición fotográfica con instantáneas representativas do traballo de documentación desenvolvido na propia entidade. Así mesmo, entre a súa actividade destacan os distintos ciclos de charlas e mesmo sesións de cine.

A provincia ourensá conta tamén en Ribadavia con dous espazos culturais: o Museo Etnolóxico con tres exposicións para este 2025, e o Museo do Viño cunha exposición temporal ao redor dunha denominación de orixe ou identificación xeográfica protexida, que completa con distintas conferencias ao redor da historia do viño e con catas que combinan a degustación dos caldos con música.

Ademais, ambos os dous centros ofrecen ciclos de cine centrados nas súas temáticas e actuacións musicais, ao que se engaden outras propostas para celebrar datas destacadas como as Letras Galegas.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense, pola súa banda, súmase aos plans culturais con tres exposicións: *A cidade de Ourense nos seus documentos*, *As Mulleres oleiras*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ourensás e Castelao e Ourense. Tamén propón obradoiros de escritura medieval e visitas teatralizadas que poñen os documentos en contacto coas arquitecturas da cidade.

Provincia de Pontevedra

En Vigo, o Museo do Mar de Galicia conta este ano como exposición principal con *Quino en la música*, unha recompilación de viñetas orixinais do humorista vencelladas á música. Complétase con outras propostas como son *Bambú*, en colaboración co Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital de Ribeira, e *Memoria e azougue. A liñaxe dos Llanos*, con fotografías que reflicten varios aspectos da cidade de Vigo. Ademais, o espazo recibe dúas mostras itinerantes xestadas na Cidade da Cultura: *Nicolás Muller en Galicia*, con 50 instantáneas dun dos documentalistas máis relevantes do século XX, e *Vikingos*.

Destaca, ademais, a ampla oferta de actividades para escolares durante o curso académico, que se centran en explorar a diversidade mariña desde distintas perspectivas, e as accións desenvolvidas ao redor do Centro Arqueolóxico do Areal *Salinae*.

Por outro lado, en Bueu, o Museo Massó presentará ao longo destes meses novos espazos que enriquecerán a súa oferta cultural, tras os traballos de restauración. Así engadirá a Sala Urbano Lugrís e tamén incorporará a salgadura Piñeiro, integrada na exposición permanente como unha salgadura musealizada. Para completar a súa oferta cómpre salientar as súas singraduras pola ría para tomar contacto coas técnicas de navegación ou as visitas á antiga fábrica de salgadura da praia Mourisca.

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, por outra banda, abrirá en xuño a mostra *A educación na provincia de Pontevedra. Historia e evolución* con motivo do Día Internacional dos Arquivos. Tamén engade unha xornada de portas abertas, unha velada musical e unha conferencia sobre esta temática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CELEBRARÁ EN FERROL A GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2024

- O Consello analiza o informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que continúa a descentralización dos actos destes galardóns, iniciada en 2019
- O Teatro Jofre acollerá, o 23 de abril, a cerimonia en que se premiará a Manuel Lourenzo, a Xosé María Pérez Barro, a Marta Pazos, a Joaquín Martínez, a Ficción Producións, a Julia Díaz, a Xosé Manuel González e ao Real Club Celta de Vigo

A gala de entrega dos Premios da Cultura Galega 2024 celebrarase o vindeiro 23 de abril no Teatro Jofre de Ferrol. Así se informou hoxe no Consello da Xunta que analizou o informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con que se continúa a estratexia de descentralización destes galardóns, que constitúen o maior recoñecemento outorgado en Galicia neste eido e buscan poñer en valor o esforzo e o talento creativo da nosa Comunidade.

A celebración na cidade departamental segue a senda iniciada en 2019 polo Goberno galego, cando os Premios da Cultura Galega se organizaron por vez primeira fóra da capital de Galicia, escollendo como acto para a cerimonia o mosteiro ourensán de Montederramo. Seguiulle nesta estratexia o Teatro Afundación, en Vigo, en 2020. Tras dous anos que se viron afectados pola pandemia, retomouse a súa descentralización coa celebración no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, no ano 2023. O ano pasado escolleuse para este acto o convento de Santa Clara, en Pontevedra.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tamén dá resposta aos obxectivos da recente e pioneira Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que entrou en vigor o pasado mes de xaneiro, e que promove a descentralización da programación e creación cultural por todo o territorio da Comunidade.

Cómpre recordar que os Premios da Cultura Galega 2024 recaeron no escritor Manuel Lourenzo, na categoría de Letras; no deseñador gráfico Xosé María Pérez Barro, na de Artes Visuais; na actriz e dramaturga Marta Pazos, en Artes Escénicas; no xestor cultural Joaquín Martínez, na de Música; en Ficción Producións, na de Audiovisual; na xornalista Julia Díaz, en Lingua; no historiador Xosé Manuel González, en Patrimonio Cultural; e no Real Club Celta de Vigo, na distinción de Proxección Exterior polo himno *Oliveira dos cen anos*, composto co gallo do seu centenario.

Xurado

O xurado desta edición estivo presidido polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos. Tamén formaron parte o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo; a directora xeral de Igualdade, María Quintiana; o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa; Henrique Monteagudo, académico numerario, en representación da Real Academia Galega; Xosé Manuel Núñez Seixas, vicepresidente do Consello da Cultura Galega; Máximino Zumalave, académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes; así como profesionais de recoñecido prestixio, como Kirenía Martínez Acosta, xestora cultural, bailarina e coreógrafa; Lucía Carballeda Suárez, historiadora da arte e galerista; e Anxo Angueira Viturro, presidente da Fundación Rosalía de Castro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estes galardóns, a Xunta de Galicia distingue cada ano a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección do panorama cultural da nosa Comunidade, así como o compromiso de proxectos, traxectorias e iniciativas que enriquecen a realidade e identidade cultural de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NOS TRÁMITES PARA A REHABILITACIÓN DO LOCAL DA NOVA OFICINA DE EMPREGO DE FERROL CENTRO CUN ORZAMENTO ESTIMADO DE MÁIS DE 1,5 M€

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a licitación, que se levará a cabo nas vindeiras datas, da redacción do proxecto de obra de acondicionamento das instalacións da futura oficina, que se localizará nas Galerías Ferrol
- Con esta actuación, enmarcada na modernización do SPEG, contribuirase a seguir reforzando os servizos a prol da empregabilidade da cidadanía, entre eles, a xestión das ofertas ou da formación para o emprego ou a orientación laboral
- A adaptación do local implicará a reforma das particións e instalacións existentes e a modificación dos accesos nas dúas entradas, entre outros aspectos
- Con accións coma esta e as que realizan os polos de emprendemento como o de Ferrol, sobre o que tamén se analizou hoxe a actividade, o Executivo galego reforza a súa aposta a prol da empregabilidade, tanto por conta propia como allea

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a licitación, que se levará a cabo nas vindeiras datas, da redacción do proxecto de obra de acondicionamento do local destinado á nova oficina de emprego de Ferrol centro e que tamén albergará o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC). O orzamento estimado para a rehabilitación do edificio que albergará esta nova oficina é de máis de 1,5 M€ tras o investimento de 309.000 euros destinado polo Goberno galego á compra do inmovible.

O local que se vai acondicionar está situado no Edificio Pita Romero (Galerías Ferrol) entre a rúa Galiano e a rúa Real. É do ano 1931 e foi ampliado posteriormente no 1944. O seu estado require unha reforma para poder implantar nesta localización a nova oficina de emprego Ferrol centro, que na actualidade está no edificio da Xunta nesta cidade, e que se complementa coa oficina de Ferrol Esteiro, que continuará a funcionar na súa localización da avenida de Vigo. A actuación enmárcase no proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia e con ela contribuirase a seguir reforzando os servizos orientados a impulsar a empregabilidade da cidadanía, entre eles, a xestión das ofertas ou da formación para o emprego ou a orientación en materia laboral.

Necesidades

A adaptación do local ao futuro uso administrativo requirirá a reforma das particións e instalacións existentes e a substitución integral da instalación de saneamento. Ademais, a reforma incluírá a modificación dos accesos nas dúas entradas recuperando a entrada no lateral esquerdo da rúa Real, que permitiría acceder directamente a nivel da planta baixa sen escaleiras. Tamén será necesaria a instalación dun ascensor para comunicar verticalmente os niveis do inmovible. En canto aos espazos, ocuparase a primeira planta - cunha superficie actual de 410 m²- e a segunda - de case 417 m²-, que albergarán o persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), o do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e o do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC). A distribución final dos espazos será a que resulte da elaboración do proxecto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ambas as plantas incluírán espazos de espera para as persoas usuarias, para un mostrador de recepción e información, para os postos de traballo do persoal de cada área, un despacho para a dirección do persoal, un arquivo, aseos para o uso do persoal e para uso público, así como espazos para almacén do material de oficina e *office* para o persoal, entre outros.

Potenciación do SPEG e do emprego de calidade

A futura rehabilitación para a nova oficina de emprego Ferrol centro forma parte do proceso global de modernización do SPEG que está a impulsar o Goberno autonómico para consolidalo como un nodo público de empregabilidade, referente de innovación. Un ámbito a que este ano a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina máis de 8 M€. Nel inclúense accións como o reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial, obras de renovación nas oficinas de emprego en diferentes puntos de Galicia e melloras como o desenvolvemento da app de EMI, a ferramenta de intelixencia artificial dispoñible nas 54 oficinas de emprego galegas e galardoada pola Comisión Europea. Tamén a incorporación de novos caixeiros nas oficinas para a renovación das demandas de emprego, petición de cita previa ou outras xestións, co obxectivo de axilizar trámites.

Trátase de medidas para favorecer o emprego de calidade, tanto por conta allea como por conta propia. Neste último ámbito, Galicia conta coa Rede de polos de emprendemento con 15 oficinas, unha delas na cidade de Ferrol da que tamén se analizou a actividade hoxe no Consello. No caso concreto de Ferrol, a futura nova oficina das Galerías e o resto de medidas contribuirán á evolución do seu mercado laboral, que segundo os últimos datos dispoñibles, aumentou case un 2,4 % a cifra de persoas afiliadas á Seguridade Social ata acadar as 19.700 persoas e en febreiro o municipio reduciu o paro un 4,4 % en relación co ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN VALOR O IMPACTO DO POLO DE FERROL NA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO TERRITORIO CONTRIBUÍNDOL DESDE 2022 Á CREACIÓN DE PRETO DE 100 NOVAS EMPRESAS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe de balance sobre o efecto dinamizador desta oficina, unha das 15 espalladas por toda Galicia, que presta asesoramento gratuito e personalizado ás persoas emprendedoras da súa área de influencia
- No marco dos preto de 600 proxectos atendidos, o Polo xa contribuíu a que 92 iniciativas pasaran de ser unha idea a negocios legalmente constituídos que están a dinamizar o ecosistema empresarial, catro deles recoñecidos como IEBT
- Ademais, o alto grao de satisfacción das persoas emprendedoras atendidas, cunha valoración media de 9,8 puntos, reflicte a pegada positiva do Polo como espazo de referencia para a innovación e o emprendemento
- Durante 2025, continuarase avanzando na súa especialización aliñada coas necesidades do territorio, con foco no turismo e a hostalaría, no comercio local ou na proxección ás novas tecnoloxías enerxéticas
- No conxunto de Galicia, a Rede de polos xa atendeu ata o momento máis de 3.600 proxectos, no ámbito da aposta estratéxica do Goberno galego polo emprendemento aliñado co territorio, eido a que destina máis de 32M€ en 2025

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o efecto dinamizador do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Ferrol —un dos 15 espallados por toda Galicia— que desde a súa inauguración en decembro de 2022 xa atendeu preto de 600 proxectos e contribuíu á creación de 92 novas empresas, posicionándose como un motor clave na potenciación económica da súa zona de influencia e na posta en marcha, consolidación ou remuda de iniciativas ligadas ao territorio, viables e sustentables.

Así, no marco do compromiso da Xunta para seguir impulsando a xeración de emprego e de emprendemento en Ferrol e na súa área, esta oficina —localizada no edificio do CIS— é a única de toda a rede que se localiza nunha contorna urbana co obxectivo estratéxico de xerar novas oportunidades para que os profesionais de toda a súa demarcación poidan apostar polo emprego por conta propia e o crecemento dos seus proxectos. Neste senso, o Polo ofrece ás persoas emprendedoras un acompañamento gratuito e personalizado para levar adiante ou reforzar as súas iniciativas, aproveitando os recursos locais e as sinerxías co resto de axentes do ecosistema, contribuindo ao desenvolvemento socioeconómico. Nesta liña, entre as novidades de 2025, o Polo de Ferrol continuará avanzando na súa especialización aliñada coas necesidades do territorio e no desenvolvemento da experiencia piloto a prol de estratexias colaborativas de dinamización do ecosistema emprendedor, con gran éxito de convocatoria e seguimento por parte de todos os axentes. Concretamente no caso de Ferrolterra estase a poñer o foco no turismo e a hostalaría, no reimpulso do comercio local, nos servizos sociais, na economía circular, na dixitalización ou na vinculación con sectores industriais e enerxéticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Balance do Polo de Ferrol

O balance analizado hoxe amosa o impacto da actividade do Polo de Ferrol e o elevado grao de satisfacción das persoas usuarias, cunha valoración media de 9,8 puntos sobre 10. Dos preto de 600 proxectos atendidos desde a apertura —301 activos na actualidade—, un 41 % atopábase na etapa de emerxer, que inclúe iniciativas en estado moi inicial, indicativo dunha forte demanda de apoio no arranque das novas ideas. Ademais, contribuíu á creación de 92 novas empresas, 15 delas constituídas só no que vai de ano, experimentando así un clara tendencia á alza no seu impacto. A maiores, catro das novas entidades creadas obtiveron a clasificación IEBT (iniciativa de emprego de base tecnolóxica).

Canto ao perfil das persoas emprendedoras —coas que se levan realizado máis de 1.500 titorías—, un 62 % son mulleres e o grupo de idade máis representado é o de 45 a 52 anos (24 %), seguido dos tramos de 35-39 (15 %) e 40-44 (13 %). Por situación laboral, un 28 % son persoas autónomas e as restantes achéganse ao emprendemento sendo traballadoras por conta allea ou partindo dunha situación de desemprego. Ademais, un 11 % das persoas beneficiarias son estranxeiras e un 7 % retornadas, o que reflicte a súa contribución ao aproveitamento do talento exterior a prol da xeración de riqueza local.

No que respecta aos sectores, predominan as iniciativas relacionadas co comercio (22 %), seguido dos servizos (20 %) e da hostalaría (13 %). Tamén cómpre sinalar que un 5 % dos proxectos atendidos son específicos de remuda, é dicir, proxectos que queren ser traspasados por diferentes motivos e aos cales o Polo facilita o *match* con persoas que se queren facer cargo deles, favorecendo o mantemento de negocios rendibles.

Unha rede de impulso ao emprendemento

A Rede de polos —actuación clave no recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025— forma parte da aposta estratéxica do Goberno galego polo emprendemento aliñado co territorio, eido ao cal destina máis de 32M€ en 2025. Actualmente conta con 15 oficinas activas, espalladas por todo o territorio e cun gran foco no rural: tres na provincia da Coruña (Ferrol, Coristanco e Melide), cinco na provincia de Lugo (Friol, Mondoñedo, Sarria, A Fonsagrada e Monforte de Lemos); catro na provincia de Ourense (O Carballiño, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras e Verín); e tres na provincia de Pontevedra (Silleda, O Porriño e Vilanova de Arousa). En global, xa se atenderon en todas elas máis de 3.600 experiencias de emprendemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 1,4 M€ PARA REFORZAR A LOITA INTEGRADA CONTRA AS ENFERMIDADES FÚNXICAS DAS BANDAS DO PIÑEIRO

- O Consello do Goberno galego tomou razón dun informe da Consellería do Medio Rural en que se detallan estas accións, que se levarán a cabo tomando a Serra da Capelada como zona prioritaria de actuación, con intervencións que poidan ser extensivas ao resto do territorio
- Faranse tratamentos fitosanitarios preventivos e silvícolas e avanzaranse na selección xenética de árbores candidatas por resistencia, entre outras medidas
- A superficie estimada desta actuación será de arredor de 2.000 hectáreas, a metade delas en montes de xestión pública -nos cales os traballos xa están en marcha- e a metade restante en terreos de xestión privada, en que se procurará a participación e autorizacións dos seus titulares

A Xunta destinará case 1,4 millóns de euros nos vindeiros catro anos para reforzar a loita integrada contra as enfermidades fúnxicas das bandas do piñeiro, tomando a Serra da Capelada como zona prioritaria de actuación. Con este fin, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural deseñou un plan de acción que pivota sobre catro eixes. En primeiro lugar, a aplicación de tratamentos fitosanitarios preventivos; en segundo termo, os tratamentos silvícolas; en terceiro lugar, a selección xenética de árbores candidatas por resistencia e, en cuarto, o establecemento de parcelas e procedementos de contraste das actuacións executadas.

A superficie estimada desta actuación será de arredor de 2.000 hectáreas, a metade delas en montes de xestión pública -en que os traballos xa están en marcha- e a metade restante en terreos de xestión privada, en que se procurará a participación e autorizacións dos titulares dos dereitos de uso e xestión.

No que atinxe aos tratamentos fitosanitarios preventivos, aplicarase sulfato cuprocálcico en ultrabaixo volume, principalmente nas épocas de maior expansión dos fungos. Con respecto aos tratamentos silvícolas, faranse clareos, claras e podas baixas, que dificultan a expansión da doenza, así como cortas finais naquelas zonas en que non é doado facer os tratamentos con sulfato. En canto á selección xenética de árbores candidatas por resistencia, xa se seleccionaron na zona os pés que mostraron menor afección ás bandas, na procura de atopar candidatos cunha posible resistencia ou tolerancia. Escolléronse un total de 32 pés. Revisarase periodicamente o estado destas árbores e compararanse coas lindeiras, para avaliar o seu interese xenético. Por último, estableceranse parcelas con distintas intensidades dos tratamentos silvícolas e dos produtos fitosanitarios co fin de contrastar a combinación destes factores máis eficaz para darlle traslado ao silvicultor das conclusións obtidas. Teranse en conta factores coma os tempos e intensidade dos tratamentos, a minimización de impactos ou a ratio adecuada de custos-eficacia. Complementarase a información con análises de solos antes e despois dos tratamentos.

A Serra da Capelada foi elixida como zona piloto debido á alta incidencia das enfermidades fúnxicas na zona e á homoxeneidade da masa en canto á clase de idade,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tipoloxía da propiedade (montes patrimoniais, montes de utilidade pública, montes veciñais en man común e montes de particulares) e modalidade de xestión (xestión forestal pública e privada). Ademais, presenta unhas características de climatoloxía que reforzan a selección desta área para realizar actuacións que poidan ser extensivas ao resto do territorio.

Afectación aos piñeiros

O piñeiro radiata ou piñeiro insignis ten unha importancia relevante en Galicia tanto no eido económico coma ambiental. Esta especie foi amplamente implantada na rexión debido á súa alta produtividade e pola demanda de madeira para a industria.

Esta madeira representa o 50 % dos aproveitamentos de coníferas nos montes galegos e é vital para a industria de primeira transformación (serradoiros e taboleiros). É unha das principais fontes de materia prima para a industria galega debido á calidade da súa madeira. O Observatorio Forestal da Consellería do Medio Rural indica que as cortas de madeira desta especie no ano 2024 foron de 1.664.120 m³, cun prezo medio de 40 €/m³, polo que supoñen máis de 65 millóns de euros de cortas de madeira en pé desta especie.

Co nome xenérico de enfermidade fúnxica das bandas do piñeiro, denomínase un conxunto de especies de fungos que afectan diferentes tipos de piñeiros e outras coníferas. Os danos son causados sobre o xénero *Pinus*, e as masas máis afectadas son as de piñeiro insignis (*Pinus radiata*) seguidas das de piñeiro negral (*Pinus nigra*) e de piñeiro do país (*Pinus pinaster*).

Esta doenza é coñecida nos nosos piñeirais durante moitas décadas. En 1974 detectouse a entrada do fungo *Dothistroma pini*, que provoca a enfermidade da banda vermella que produce unha defoliación severa. No 1997 detectouse en viveiro a presenza doutro patóxeno próximo ao primeiro, chamado *Lecanosticta acicola*. Tras a explosión da enfermidade de bandas que se viviu no ano 2018 no País Vasco, onde a maioría dos piñeirais eran de *Pinus radiata*, as bandas avanzaron pola cornixa cantábrica.

Aínda que esta afección nos piñeirais galegos leva sendo habitual nos fondos dos vales, en zonas con alta densidade de árbores ou espazos cunha alta humidade ambiental, parece que o aumento de temperaturas provocou que se estendese a outras zonas. En concreto, a Serra da Capelada, no norte da provincia da Coruña, abrangue territorios que pertencen a tres concellos diferentes: Cedeira, Cariño e Ortigueira. Neste montes existen zonas dedicadas á produción de madeira, en que predominan as plantacións de piñeiro radiata (*Pinus radiata*), piñeiro galego (*Pinus pinaster*) e, en menor medida, eucalipto (*Eucalyptus globulus*).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIARÁ EN ABRIL O PROCESO DE LICITACIÓN DAS DRAGAXES DOS PORTOS DE MANIÑOS-BARALLOBRE, MIÑO E PONTEDEUME CUN ORZAMENTO DE 800.000 €

- Na actualidade estase a rematar a revisión do proxecto técnico que estima un prazo da execución total das obras de 9 meses e que suporá a extracción de máis de 37.500 m³ de materiais
- Dada a proximidade, características e que as tres actuacións comparten zona de vertedura de material de dragaxe, a fórmula máis axeitada desde un punto de vista económico, operativo e ambiental foi o seu desenvolvemento conxunto

O Consello da Xunta deu conta do informe de Portos de Galicia sobre o proxecto de dragaxe nos portos de Maniños-Barallobre, Miño e Pontedeume cuxo proceso de licitación está previsto que sexa iniciado no vindeiro mes de abril cun orzamento estimado de 800 mil euros. O obxectivo destas actuacións é recuperar os calados nestas instalacións portuarias que permitan mellorar a súa operatividade en condicións de seguridade.

Na actualidade estase a rematar o proceso de revisión do proxecto técnico que estima un prazo de execución total das obras de 9 meses e que suporá a extracción de máis de 37.500 m³ de materiais. Para a realización dos traballos está previsto o emprego dunha draga de culler que transportará o dito material ao punto de vertedura en mar aberto para súa descarga por apertura de cántara, dado que non resulta apto para a súa achega a praias.

O proxecto recolle a dragaxe no porto de Maniños-Barallobre ata a cota -2 m na zona de pantaláns e ata a cota de -3 m baixo o dique flotante e a barreira de protección da ondaxe para o que será preciso actuar sobre unha superficie de 9.472 m² e un volume de 6.715 m³. No caso do porto de Miño, dragarase ata a cota de -1 m actuando sobre unha superficie de 7.887 m² e un volume de materiais retirados de 15.112 m³.

O de maior envergadura será o correspondente ás instalacións portuarias de Pontedeume onde se proxecta a dragaxe do peirao pesqueiro ata unha cota de -3 m e na zona entre este e a rampla da Casa do Mar ata unha cota de -1 m. En total os traballos abarcarán unha área de 14.160 m² e un volume de 15.745 m³. Ademais, está prevista a implantación de medidas preventivas e o desenvolvemento do programa de vixilancia ambiental correspondente en cumprimento da normativa sectorial de aplicación durante a execución destas actuacións.

Dada a proximidade, características e que as tres dragaxes comparten zona de vertedura de material de dragaxe, a fórmula máis axeitada desde o punto de vista económico, operativo e ambiental foi o seu desenvolvemento conxunto nun só proxecto. Deste xeito optimízase as mobilizacións de medios de execucións, unifícase as actividades de control ambiental e favorécese a coordinación entre a actividade de dragaxe e a actividade portuaria.